

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 13 de marzo de 2006

### SEÑORES/AS ASISTENTES:

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e catro minutos do día trece de marzo de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm<sup>a</sup>. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(162).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión 27 de febreiro de dous mil seis. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(163).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A Nº 02/5159/00 INTERPOSTO POR SALGADO Y JARDON, S.L., CONTRA ACORDO DO PLENO DE 30.8.2000, RECAÍDO NO EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DO MERCADO DA PEDRA (EXPTE. 12292/240). DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 15.09.05 dictada polo Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos destimar e destimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por “SALGADO Y JARDON S.L.” contra acordo do Concello de Vigo de 31.8.00 recaído no expediente

de adxudicación da concesión de dominio público “Mercado da Pedra” – expte. 12292/240; sen facer imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

**3(164).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 122/05 (PROC. ABR.) INTERPOSTO POR DNA. JOSEFA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS (EXPTE. 15320/240). DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 08.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do Concello de Vigo de 15.02.05, desestimatoria da reclamación da recorrente en concepto de responsabilidade patrimonial por danos sufridos ao caerse mentres camiñaba pola rúa Aragón o día 25.01.02, debido ao mal estado dunhas baldosas da beirarrúa. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de Josefa González Fernández fronte o Concello de Vigo contra a Resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de costas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

**4(165).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 254/2002 P.A., INTERPOSTO POR D. RAFAEL OJEA PÉREZ E OUTROS CONTRA RESOLUCIÓN DE 19.04.02 DE ADSCRIPCIÓN PROVISIONAL DE CARLOS SOTO ÁLVAREZ Ó POSTO DE XEFE DA UNIDADE ADMINISTRATIVA DE ALCALDÍA. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 27.01.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Rafael Ojea Pérez contra Decreto da Alcaldía do día 19.04.02 de adscripción provisional de D. Carlos Soto Álvarez ao posto de xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Persoal.

**5(166).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 195/2005(PROC. ABR.) INTERPOSTO POR D. ALFREDO LÓPEZ CONCEPCIÓN CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 15.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de Alfredo López Concepción contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto por Alfredo López Concepción contra a Resolución sancionadora de data 22.09.04, recaída no expediente administrativo número 1031964469 pola que se lle impón unha sanción de 92€ por infracción do artigo 94.2.c) RGC, que prohíbe estacionar nas zonas de carga e descarga, que se declara contraria a Dereito e se anula, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Circulación.

**6(167).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO R.C.A Nº 8/2005 P.O., INTERPOSTO POR GEOIL, S.L., CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA A POLICÍA LOCAL.**

Dáse conta da sentenza de data 21.12.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de GEOIL, S.L., fronte o CONCELLO DE VIGO, contra a desestimación presunta da súa reclamación polos servizos prestados, con declaración de resolución do contrato de subministración suscrito entre as partes, con restitución das prestacións, polo que se condena á Administración municipal a devolver a GEOIL, S.L., as prendas entregadas, o aval prestado en cuantía de 939,29 € e a aboarlle o 6 por 100 do prezo pactado para o resto das entregas deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, máis os xuros legais correspondentes. Todo iso sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación.

**7(168).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A (P.A.) Nº 99/2005 INTERPOSTO POR D. BRIANO LAGO AMORÍN CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. (EXPT. 213/243). DESESTIMENTO.**

Dáse conta do Auto de data 07.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Dispongo que debía acordar e acordaba ter á procuradora María Jesús Valencia Ulloa en nome de D. Briano Marcos Lago Amorín, por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto. Este auto acorda ter por desistido ao recorrente.

**8(169).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO R.C.A. Nº380/2005 INTERPOSTO POR DNA. MARÍA LÓPEZ VILLAVERDE CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. (EXPTE. 10101026253). INADMISIBLE O RECURSO POR EXTEMPORÁNEO.**

Dáse conta do Auto de data 09.02.06 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acordo inadmitir o recurso contencioso-administrativo interposto por a representación de Ana María López Villaverde fronte o Concello de Vigo no P. ABREVIADO número 380/05, en aplicación do disposto no artigo 51.1 d) da LJCA ao entender que o presente recurso es extemporáneo. Non procede facer expreso pronunciamento sobre as custas causadas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, que non é firme, acorda inadmitir o recurso por ser extemporáneo.

**9(170).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE GALICIA” PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN. EXPTE. 13337/304.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 30.01.06, conformado polo xefe do Sector , pola delegada de Área de Participación Cidadá e polo Interventor Xeral a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración coa “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia” CIF G-36776920, de compromiso de prazas no taller ocupacional que derive o departamento de Benestar Social con vixencia ata o 31/12/06 e a contraprestación económica por parte do Concello de 10.000 €, con cargo á partida 227.06.09 do programa 3130.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL, PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN*

Vigo, de de 2006

Reunidos

Dunha parte,

*Dona Marta Iglesias Bueno, con DNI número 35317927 K, na súa calidade de Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, segundo nomeamento por Decreto da Alcaldía de 21 de febreiro de 2005 e por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro de 2005, autorizada para a sinatura do presente convenio por acordo do mesmo órgano da data.*

*Doutra parte,*

*Don Juan Carlos Rodríguez Bernardez , DNI 36073858 Z como Presidente da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), CIF G-36776920, representante legal desta organización en Vigo con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Oliva, 12-2º Of. E.*

*Ámbalas dúas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e*

#### **M A N I F E S T A N**

- 1. – Que a Lei de 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais e de Promoción e Inserción Social" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes e a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia atribúe ós Concellos a creación e xestión de Servizos Sociais de atención primaria e especializada*
- 2. – Que o Decreto 240/95, de 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, de competencia municipal, establece como obxectivos dos mesmos, entre outros, a mellora da autonomía persoal, a permanencia no medio familiar mentres se desexe e sexa conveniente, así como a creación de centros ocupacionais terapéuticos para o axuste persoal.*
- 3. – Que o alzheimer manifestase, entre outras cousas, con unhas consecuencias sociais de moita gravidade ó esixir unha dependencia importante de familiares e cuidadores.*
- 4. – Que A Lei de Servizos Sociais de Galicia, 4/93 de 14 de abril, no seu artigo 21 manifesta as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servizos sociais (de carácter local) prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración*
- 5. – Que o Concello actualmente non dispón de centros ocupacionais terapéuticos para atender esta doenza nin do persoal de apoio e atención mínima de asistencia psicolóxica, etc., etc., que axude a mellorar no posible a calidade de vida de enfermos e familiares.*
- 6. – Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia” entidade colaboradora do departamento de Benestar Social desde hai anos, é a única entidade que presta atención social específica ós enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, os obxectivos da asociación entre outros son: presta-la asistencia psicolóxica e moral os familiares dos afectados da enfermidade, asesorar os familiares en materias legais, sociolóxicas e económicas, facilitar, mellorar e controla-la asistencia dos enfermos para mellorar no posible a calidade de vida.*
- 7. – A “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer” esta a realizar unha labor de atención social os familiares daquelas persoas que padecen a enfermidade para o que contan con profesionais que desenvolve o seu traballo social específico de información, orientación e asistencia, así como dispón de centro adecuado para atención ós enfermos, aliviando desta maneira a dependencia dos familiares.*

*Segundo o exposto, as partes acordan asinar un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes*

#### **C L Á U S U L A S**

*Primeira.-*

*O Concello de Vigo e a “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia” establecen un convenio de colaboración que ten como obxectivo a atención ós enfermos de alzheimer e seus familiares coa*

creación de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación e co programa de actuación que figura na memoria correspondente.

#### *Segunda*

Os obxectivos xerais do programa das prazas ocupacionais que se poñen a disposición do Concello – departamento de Benestar Social-, son os que figuran na memoria explicativa do proxecto, destacando as actividades de:

ORIENTACIÓN  
ATENCIÓN E MEMORIA  
PSICOMOTRICIDADE  
ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA

#### *Terceira.-*

Para elo, a Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia poñerá a disposición do departamento de Benestar Social un total de dez prazas no taller ocupacional de que dispón sen cargo algún para os ocupantes que serán derivados polos servizos sociais municipais de atención primaria, seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan polo tanto ser obxecto de estimulación e apoio ós familiares.

#### *Cuarta.-*

O presente convenio terá vixencia ata o 31/12/2006 desde o momento da súa sinatura podendo prorrogar para o ano 2007 por acordo das partes antes do seu vencemento.

No caso de incumprimento dos compromisos adquiridos pola Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia, é dicir; que non se dispoña do número de prazas sinaladas na cláusula anterior, deberían reintegrarse as cantidades que se tivesen percibido.

#### *Quinta.-*

Constitúese unha Comisión Técnica con un representante de cada unha das partes que avaliará a admisión das persoas enfermas que ocuparán as prazas reservadas no taller.

Así mesmo, e para dirimir as controversias que se puidesen presentar no transcurso da vixencia do convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento que formarán dous representantes de cada unha das partes asinantes, que se reunirá as veces que fose necesario para resolver as dúbidas, diverxencias ou calquera cuestión que a aplicación do acordo puidese xerar.

#### *Sexta.-*

Pola reserva das prazas no taller ocupacional o Concello aboará á Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia a cantidade de 10.000 € no ano 2006.

O Concello de Vigo aboará a cantidade de 5.000 € ó inicio do programa por isto, o funcionario encargado notificará o comezo do mesmo.

O resto do importe aboarase en dous prazos da seguinte maneira:

O segundo pago por importe do 25% do total do convenio, 2.500 €, satisfarase no mes de abril de 2006.

O terceiro e derradeiro pago por importe do 25% restante, é dicir, 2.500 € efectuarase unha vez sexa xustificada e certificada a realización da totalidade dos obxectivos do programa por parte do técnico responsable do programa.

#### *Sétima.-*

*A formulación de todo tipo de información ou publicidade da actividade realizarase conxuntamente por medio da Comisión Mixta.*

*En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día indicado, os comparecentes.*

**10(171).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 03/025, 03/941, 03/1219, 03/1255, 3/1284, 12/966, 1/545, 22/1420, 22/1617.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación de Servizo de Axuda no Fogar a:

- D<sup>a</sup>. Candida Veiga figueroa. Expte. 22/1617.
- D. Pablo Cabaleiro García. Expte. 22/1420.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Eugenia Lomba Veiga. Expte. 03/1284.
- D. Ruben Caiño Cardalda. Expte. 966/12.
- D<sup>a</sup>. Angela Berges Davila. Expte. 1/545.
- D<sup>a</sup>. Isabel Sánchez Selas. Expte. 03/1255.
- D<sup>a</sup>. Carmen Jorge López. Expte. 03/1219.
- D<sup>a</sup>. Josefa Prieto Fernández. Expte. 03/941.
- D<sup>a</sup>. Lila Raquel Fernández García. Expte. 03/025.

**11(172).-REVISIÓN DE PREZOS (IPC) DO CONTRATO DO PROGRAMA DE FAMILIA E INFANCIA ADXUDICADO A GRUPO 5, S.L. GABINETE DE TRABALLO SOCIAL, PARA 2006. EXPTE. 13356/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 09.02.06, conformado polo xefe do Sector, a delegada da Área de Participación Cidadá, o Concelleiro-Delegado de Facenda e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 31 de maio de 2004, aprobou a adxudicación do concurso para a prestación do servizo do programa de familia por un importe de 371.000 € para o primeiro ano do contrato (31/05/04 – 31/05/05), 415.000€ para o segundo ano de contrato (01/06/05 – 31/05/06).*

*O punto 3 do prego de cláusulas administrativas particulares establece que o prezo do contrato revisarase transcorrido un ano da execución e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional, no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.*

*O ano de execución do contrato tivo lugar o 31 de maio 2005 e a data de apertura de ofertas económicas foi o 10 de maio de 2004.*

*O índice de prezos do consumo no período maio/2004 – maio/2005, experimentou un incremento do 3,1% segundo datos do INE que se achegan.*

*Polo exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

“Primeiro: autorizar, en execución do punto 3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do programa de familia e infancia, adxudicado pola Comisión de Goberno en sesión do 31 de maio de 2004 a nome de Grupo 5, S.L. Gabinete de Traballo Social, Nif. B78867371, disposición de crédito por importe de 11.501 € na partida 3130.226.08.06, con cargo á que se pagarán os incrementos operados por efecto da revisión de prezos en función da variación do IPC no período maio/2004 – maio/2005.

Segundo: Aprobar, con cargo á partida 3130.226.08.06, o gasto de 11.501 €, importe do IPC do período maio/2004 – maio/2005, a favor de Grupo 5, S.L. Gabinete de Traballo Social, Nif. B78867371”.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(173).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ERGUETE PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO RESIDENCIAL PARA PACIENTES DROGODEPENDENTES. EXPTE. 13373/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social do 22.02.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo Interventor Xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración a subscribir coa Asociación ÉRGUETE, NI G-36.642.726, para o desenvolvemento dun programa de apoio residencial para pacientes drogodependentes, cunha vixencia comprendida entre a súa sintura e o 31/12/06, cunha contraprestación de 37.440 €, pola disposición de sete prazas nos pisos dos que dispón.

Autorizar á Delegada da Área de Participación Cidadá, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, para asinalo amentado convenio”.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA ÓS TOXICÓMANOS “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO RESIDENCIAL PARA PACIENTES DROGODEPENDENTES (PISOS DE APOIO Ó TRATAMENTO)**

En Vigo, a de de 2006

Reunidos:

Dunha parte, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, na súa calidade de Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, por Decreto de delegación de data 21/02/05 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/02/05, autorizada para asinalo presente convenio por acordo da Xunta de Goberno Local **de data**

E doutra, D. Manuel Álvarez Vilar, na súa calidade de Presidente da Asociación de Axuda o Toxicómano “Érguete”, con CIF. G-36.642.726 e con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, 21 Interior.

Ambas partes segundo acordo:

### **E X P O Ñ E N**

Primeiro.- Que o Concello de Vigo ven prestando servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas por medio da Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO,



autorizada por Resolución da Consellería de Sanidade de data 27/12/93, en cumprimento do establecido na Orden de 7 de xullo de 1988 (D.O.G. nº 195, de 10 de outubro).

Segundo.- Que a Asociación “Érguete” de axuda ó toxicómano, inscrita no Rexistro Municipal co número 178/91, ven desenvolvendo as súas actividades no campo das drogodependencias cunha presenza moi activa, arraigada e con prestixio, levando a cabo diversos programas de axuda, figurando inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia, configurándose como un apoio fundamental na parte asistencial. Así mesmo “ÉRGUETE” foi declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo Real Decreto 1786/96, de 19 de xullo.

Terceiro.- O obxectivo final de calquera programa de tratamento na área das drogodependencias é axudar ós pacientes a conseguir grados de autonomía persoal que lles permita desenvolver estilos de vida máis saudables e normativos. Desde este principio, o traballo asistencial dirixido a promover a incorporación social, educativa e laboral dos pacientes constitúese nun pilar fundamental para a obtención de resultados estables a medio e largo prazo.

Os programas de intervención da área social das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) sópórtanse, nunha gran medida, mediante a coordinación cos recursos sociais xerais. Desta maneira, e a pesar da desproporción entre demanda e recursos, conséguese atender parte da grave problemática social normalmente asociada ás drogodependencias.

Sen embargo, algúns aspectos básicos para a incorporación dos pacientes son de difícil abordaxe desde esta rede xeral de asistencia social. Un exemplo encontrámolo no obxectivo terapéutico de maduración persoal, laboral e social; necesaria para lograr niveis adecuados de autonomía. O traballo terapéutico dirixido á interiorización de aspectos tales coma a hixiene e autocoidado, a alimentación, os ritmos sono-vixilia, os hábitos laborais e de ocio saudables, as habilidades sociais, a planificación e administración de recursos, entre outros, son de difícil abordaxe desde os dispositivos de tipo ambulatorio. Para traballar nestes obxectivos, resulta de especial interese contar con recursos específicos de apoio para drogodependentes en tratamento.

A Rede Asistencial de Drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas conta con recursos de tipo semi-residencial (Unidades de Día – Uds) e residencial (Comunidades Terapéuticas – CTs). Especialmente este último tipo, aínda de réxime cerrado e con prazas insuficientes, permite un traballo intensivo sobre as áreas necesarias para lograr obxectivos dirixidos á autonomía. A Rede non conta con dispositivos propios de apoio residencial en réxime aberto, pero algúns dispositivos asistenciais contan co apoio de recursos do tipo de pisos de acollida e terapéuticos xestionados por ONGs.

O actual proxecto pretende desenvolver un programa de apoio residencial para pacientes que realizan tratamento da súa drogodependencia na UAD “CEDRO”, dispositivo asistencial xestionado polo Concello de Vigo, mediante convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade no marco do Plan de Galicia sobre Drogas.

Cuarto.- Que tanto o Concello de Vigo como a Asociación “ÉRGUETE”, en resposta a esa necesidade, e seguindo a liña de colaboración que sempre mantiveron, comezaron hai tres anos unha experiencia de pisos de apoio ó tratamento que se avaliou coma un recurso interesante que debe continuar, polo que mostran a súa disposición a convenir novamente el programa para usuarios da UAD de CEDRO, baseado nas seguintes

#### C L A U S U L A S

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo e a Asociación “ÉRGUETE” establecen un convenio de colaboración que ten coma obxectivo a creación de prazas residenciais terapéuticas para persoas maiores de idade que se atopan nun programa asistencial de tratamento de drogodependencias na Unidade Asistencial CEDRO.

*Estas prazas servirán para o desenvolvemento do programa de apoio residencial.*

*SEGUNDA.- Os obxectivos xerais do programa cínguense ós seguintes:*

- Facilita-lo apoio residencial para o bo seguimento do tratamento.*
- Contribuír á inserción social, laboral e persoal de pacientes con alto risco de exclusión.*

*Como obxectivo específicos sinálanse:*

- Fomentar habilidades sociais como a convivencia e a responsabilidade.*
- Aumenta-la capacidade laboral a través de formación e busca activa de emprego.*
- Potencia-la independencia económica e polo tanto persoal.*
- Eliminar prexuízos persoais sobre actitudes sociais.*

*TERCEIRA.- O programa de apoio residencial achegase como anexo ó presente convenio, así como a normativa ou regulamento que servirá para o seu funcionamento, protocolo de derivación e consentimento informado.*

*CUARTA.- A Asociación “ÉRGUETE” dispón, en pleno funcionamento, de dous pisos cun total de 14 prazas entre homes e mulleres, dotados do persoal e medios necesarios para o cumprimento dos fins deste programa.*

*Deste total, “ÉRGUETE” pon a disposición da Unidade Asistencial de Drogodependencias “CEDRO” do Concello de Vigo, un piso con sete prazas, coas características do anexo citado.*

*Ámbalas dúas partes deixan constancia de que si durante a vixencia do presente convenio as circunstancias e a demanda o aconsellaran, pódese ampliar de mutuo acordo o número de prazas coa conseguinte contraprestación económica se as posibilidades orzamentarias o permitisen e previos acordos oportunos.*

*QUINTA.- O presente convenio non suporá, en ningún caso, relación laboral ou doutro tipo co Concello de Vigo, do persoal de “ÉRGUETE”, que atende o recurso conveniado.*

*Da mesma forma “ÉRGUETE” responsabilízase das obrigas laborais que lle correspondan ó persoal que presta seus servizos dentro do recurso conveniado, así como da cobertura por responsabilidade civil, incendio, etc.*

*SEXTA.- En contraprestación a este servizo, o Concello comprométese ó pago, no 2006, da cantidade de 37.440 Euros con cargo á partida 227.06.05, do programa 4123, do orzamento.*

*O pago da contraprestación efectuarase da seguinte maneira; un 50%, é dicir 18.720 Euros á formalización do convenio, un 25% no mes de xuño e o 25% restante no mes de decembro do ano en curso previa presentación de certificación de cumprimento do convenio, asinada pola dirección de U.A.D. “CEDRO” ou Xefatura do Sector, unha vez xustificada a realización do programa nos termos do convenio.*

*Así mesmo, e como figura no anexo, a UAD “CEDRO” aportará o apoio técnico necesario para as actividades terapéuticas que se desenvolvan.*

*SÉTIMA.- Para o seguimento, control técnico e avaliación do programa crease unha comisión técnica composta por persoal de ambas partes, composta por dous membros por cada un dos asinantes.*

*Así mesmo, establecece unha Comisión Mixta de seguimento que, presidida polo titular da Concellería responsable da UAD “CEDRO”, compoñerán os membros da Comisión Técnica mais un representante da cada unha das partes.*

*Esta Comisión mixta resolverá as controversias, dúbidas e interpretación na aplicación do presente convenio.*

*OITAVA.- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará en vigor ata o 31/12/2006.*

*En proba de conformidade, firman o presente na data indicada.*

**13(174).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA UN PROXECTO DE ATENCIÓN AO MENOR EN TEIS. EXPTE.13346/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do técnico de Admón. Xeral, do 15.02.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social do 06.02.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, polo xefe de Sector de Acción Social e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Asociación Plan Comunitario de Teis, entidade colaboradora co Concello de Vigo, para o desenvolvemento dun proxecto de atención ó menor para nenos e nenas de sete a doce anos do barrio de Teis, dentro do Servizo de Infancia e Familia.

2º.- Aprobar o gasto de 4.700.- (catro mil setecentos) euros, cantidade que cubrirá os custos do proxecto neste curso escolar 2005/2006, sendo o importe total do citado convenio. Faráse con cargo á partida 313.0.226.08.06. de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación.

3º.- Delegar a competencia de asinar o Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis para o desenvolvemento dun proxecto de apoio ao menor en Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada de Participación Cidadá.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA UN PROXECTO DE ATENCIÓN AÓ MENOR EN TEIS**

Vigo, de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte:

*Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Area de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nomeada por Resolución de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005.*

doutra

D. Eduardo García Crespo, con DNI. 36046911 - T, presidente do Plan Comunitario de Teis, elixido en Asemblea Xeral de 25 de setembro de 2003 e segundo consta no artigo 30º dos estatutos da asociación, que lle atribúen a representación pública do mesmo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

### EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores en situación de risco dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa na escola, lugar onde se manifiestan non só os problemas de tipo educativo, senon tamén familiares e de relación, ten iniciado accións para atender aquelas.

Evita-la inadaptación e a exclusión social, artellando a incorporación dos menores con procesos de socialización deficitarios á estrutura social, ten sido un obxectivo primordial no deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver con aqueles dende esta concellería.

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores, tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, ten sido un obxectivo prantexado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase nembargantes, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado cos menores.

-----

2.- As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, en concreto as dirixidas ós máis pequenos, téñense amosado como eficaces. Por esta razón, a experiencia desenvolvida dende a administración e dende outras entidades de participación centradas no traballo na comunidade, fan pensar na necesidade de continuar con elas.

-----

3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

6.- A Lei 3/1997, de 9 de xuño, Galega da Familia, da Infancia e da Adolescencia, di no seu artigo 3º, principios rectores, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas, privadas, que

interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social (apartado 9).

-----

7.- No artigo 7 da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas, en referencia ó establecemento de programas preventivos de carácter comunitario, dise que a fin do establecemento dos mesmos, faise coa fin de “incrementa-la solidariedade social e unha valoración positiva da saúde e benestar individual e colectivo, potenciando a diminución de desigualdades sociais e factores de marxinação favorecedores do consumo de drogas”

-----

8.- Nos estatutos da Asociación Plan Comunitario de Teis, no artigo 5º, fanse constar entre os obxectivos a acadar: “a) fomentar a interacción no barrio de tódolos sectores sociais”; “e) desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura...” e benestar”; “f) fomenta-la participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten”; “g) realizar todo tipo de intervención lexítima para mellora-la calidade de vida dos cidadáns”.

-----

9.- O Concello de Vigo reconece á Asociación Plan Comunitario de Teis, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, amosado nas desenvolvidas con anterioridade en colaboración con ésta, e pola súa participación en proxectos conxuntos con esta administración (como o Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo) valoradas técnicamente polo persoal municipal.

-----

10.- Este Convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afronta-las accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

#### CLAUSULAS

Primeira : Obxecto - O obxecto do presente convenio é a colaboración para o desenvolvemento dentro do Servizo de Infancia e Familia, dun proxecto complementario de atención aos menores, (na liña do convenio asinado con anterioridade), de intervención psicosocial para nenos e nenas de sete a doce anos do barrio de Teis. Estes nenos presentan graves probemáticas sociofamiliares (malos tratos, desestructuración familiar, absentismo escolar, problemas psicolóxicos, coidados e atención inaxeitados, etc) e polas súas características especiais necesitan unha atención e apoio específico. Son beneficiarios do programa de Infancia e Familia que desenvolve o Departamento de Benestar Social.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é desenvolver polo período de tempo que abarca este curso 2005/2006, unha serie de actividades centradas no apoio educativo, apoio escolar e de integración nas actividades de lecer dos nenos e nenas destinatarios do proxecto.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido do traballo cos nenos e nenas, en particular no canto á prevención e tratamento das condicións de inadaptación e/ou violencia nos máis novos e seu entorno inmediato, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar, as accións motivo do convenio.

*A Asociación Plan Comunitario de Teis, será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións conveniadas.*

*Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros necesarios, supervisa-lo cumprimento das fins do proxecto, e facilita-la realización das accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.*

*Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do proxecto os menores que conforman o grupo de risco determinado polo equipo de intervención do Servizo de Infancia e Familia, como grupo prioritario, podendo cubrirse as prazas vacantes por outros nenos e nenas da zona e que no sexan, necesariamente, derivados polo Servizo de Infancia e Familia do Concello de Vigo.*

*Quinta : Duración - terá vixencia ata a finalización do actual curso escolar 2005/2006.*

*Sexta : Condicións económicas - as condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 4.700 (catro mil setecentos) euros, con cargo á partida partida 313.0.226.08.06. Programa Menores-Convenio Infancia de Benestar Social, o a súa correspondente bolsa de vinculación.*

*O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.*

*Sétima : Relación contractual - a sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.*

*Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.*

*Novena : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto será por conta da entidade beneficiaria, Asociación Plan Comunitario de Teis, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.*

*Décima : Avaliación e control do proxecto - a entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.*

*A Asociación Plan Comunitario de Teis, comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.*

*Undécima : - Polo presente Convenio, a Asociación Plan Comunitario de Teis, comprométese a:*

*a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións que se especifican no anexo, (discutidos previamente por persoal técnico das entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.*

*b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.*

*c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio, e segundo se especifica no anexo.*

*d - Presentar ó Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.*

*e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.*

*f - Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.*

*g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.*

*h - Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.*

*i - Aterse ás datas e condicións marcadas nos anexos.*

*k - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.*

*l - Incluí-lo escudo e imaxe do Concello de Vigo en toda publicidade ou documentación relacionada con este proxecto.*

*Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:*

*a - Garanti-la prestación adecuada das actividades e servicios motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.*

*b - Articula-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.*

*c - Dispo-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades que lle corresponden segundo o proxecto.*

*Normas Complementarias:*

*Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada pola entidade beneficiaria, Asociación Plan Comunitario, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.*

*Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, a Asociación Plan Comunitario de Teis.*

*Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.*

*Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:*

*Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.*

*Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.*

*De se-la Asociación Plan Comunitario de Teis a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.*

*Presuposto, pago e xustificación:*

*Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un total de 4.700 (catro mil setecentos) euros, presuposto total do convenio, con cargo á partida 313.0.226.08.06. do Programa Menores – Convenio Infancia de Benestar Social o a súa correspondente bolsa de vinculación. Con esta cantidade cubriranse os custos ata a finalización do curso escolar 05/06, de acordo coa proposta presentada polo P.C. Teis.*

*Decimonovena - o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respeita ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sen que supoña, en ningún caso, incremento do prezo total indicado.*

*Vixésima – Con referencia ó pagamento das cantidades acordadas como presuposto do proxecto motivo do presente convenio, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financiadora aboará á entidade prestadora do servizo (Asociación Plan Comunitario de Teis) unha cantidade inicial de 2.350.- (dous mil trescentos cincuenta), 50% do total, ó inicio do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das accións.*

*O resto do importe da cantidade presupostada, o 50% restante, por unha cantidade de 2.350.- € será tramitado unha vez sexa certificado polo responsable técnico municipal a realización do proxecto.*

*Vixésimoprimeira - a xustificación do gasto farase mediante a presentación das facturas e xustificantes por parte da entidade executora (Asociación Plan Comunitario de Teis) ó Concello de Vigo, ó persoal técnico designado como responsable do proxecto.*

*Vixencia:*

*Vixésimosegunda - O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2006.*

*Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de dous mil seis.*

**14(175).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “XORNADA DE XOGOS POPULARES (DEPORTE EN IDADE ESCOLAR)” NO PARQUE DE CASTRELOS O 19.03.06. EXPTE. 6064/333.**



Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe do director Deportivo do IMD do 07.03.06, conformado pola delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, A Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Agrupación Deportiva Vigo a organizar o vindeiro día 19 de marzo de 2006 a Xornada de Xogos Populares, dentro da campaña de Deporte en Idade Escolar, que está previsto se desenvolva no Parque de Castrelos, no entorno do palco exterior do mesmo, entre as 09:30 h. e as 14:00 h. .

**15(176).-SOLICITUDE DE BEGANO S.A. DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A ACTIVIDADE LÚDICO-DEPORTIVA “FÚTBOL PARK COCA-COLA” NA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL OS DÍAS 17-18-19.03.06. EXPTE. 6065/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe do director Deportivo do IMD do 06.03.06, conformado pola delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, A Xunta de Goberno local acorda:

1º .-Autorizar a Begano S.A. a organizar por medio da empresa Delfín Group a actividade lúdico-deportiva Fútbol Park na pista de patinaxe de Samil os vindeiros días 17 (montaxe), 18 e 19 de marzo de 2006.

Esta actividade está previsto que se realice no horario seguinte:

- Venres 17: montaxe de 14:00 h. a 20:00 h.
- Sábado, 18: de 11:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 19:00 h.
- Domingo 19: de 11:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 19:00

2º.- Autorizar a instalación de 5 carpas de 6 x 3 m., inchables: lanzadeira de balóns, chuts o porteiro, medidor de velocidade, portería xigante, fútbol humano, arco de benvida , caseta de regalos, carpa de inscrición e expositores de diferentes casas comerciais, así como os diferentes elementos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

Os organizadores están obrigados a:

- Ter un seguro de Responsabilidade Civil que cubra calquera accidente que poidan sufrir os participantes.
- Cumprir as condicións impostas polo departamento de Montes, Parques e Xardíns.
- Deixar a zona en perfecto estado de limpeza.

**16(177).-ACORDO TRANSACCIONAL ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO SOBRE A TRANSFERENCIA DO HOSPITAL NICOLÁS PEÑA. EXPTE. 10252/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Medioambiente, do 27.02.06, conformado polo técnico supervisor de Medioambiente, Sanidade e Consumo, que di o seguinte:

#### I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. En escrito de data 10.11.2005 a Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia remitía á Alcaldesa-Presidenta deste Concello un borrador de acordo transaccional entre ambas dúas Administracións, a fin de determinar o cumprimento das obrigas derivadas do acordo de transferencia do Hospital municipal Nicolás Peña con efectos do 01.01.1994. Tratábase de que o Concello o estudiasse e, de ser o caso, formulase as propostas de modificación que estimase necesarias, con carácter previo á redacción do texto final e ó seu asinamento.

I.2. Remitido aquel documento á Asesoría xurídica, emitíuse informe favorable polo Letrado-asesor, Sr. González Yebra-Pimentel o 20.12.2005, coa proposta de modificación que a seguir se dirá, incorporada ó texto final do documento.

I.3. O expediente foi tamén informado favorablemente pola intervención xeral municipal o 17.02.2006, «por ser el resultado del mismo beneficioso para los intereses municipales».

I.4. Mediante dilixencia do Técnico supervisor de Medio ambiente, Sanidade e Consumo, Sr. Núñez-Torrón López, do 23.02.2006 remítese o expediente incoado ó técnico de Admón. xeral que subscribe para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

#### II. NORMATIVA EXAMINADA

- LO.1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia.
- L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL).
- L.57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.
- RDLex.2/2000, do 16 de xuño, Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.
- L.14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.
- RD.133/1989, do 6 de xullo, polo que se crea a Comisión mixta para o traspaso dos centros, servicios e establecementos sanitarios dependentes das Corporacións locais á Comunidade Autónoma de Galicia.
- D.27/1994, do 4 de febreiro, da Xunta de Galicia, de transferencia á CA do del «Hospital Municipal Nicolás Peña», dependente do Concello de Vigo
- Bases de execución orzamentos 2005, Excmo. Concello de Vigo.

#### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. A proposta de acordo transaccional de referencia, a subscribir entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia (Consellerías de Sanidade e de Economía e Facenda), e que precisará do acordo do Consello da Xunta, constitúe propiamente un convenio interadministrativo de natureza contractual. Preténdese con el poñer fin definitivamente ás controversias e reclamacións existentes entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo derivadas da interpretación do Apdo. E] do anexo do D.27/1994, do 4 de febreiro, de transferencia do Hospital Nicolás Peña á CA de Galicia.

III.2. A subscripción deste convenio permitiría ás partes cancelar todas as accións de carácter económico esixibles, poñendo fin ós procesos contencioso-administrativos en curso e renunciando a posibles reclamacións futuras en relación con esta concreta cuestión.

III.3. Conta co informe xurídico favorable da Asesoría xurídica (Informe do 20.12.2005), do que se salientan as seguintes consideracións:

- a) Concorren no caso examinado os elementos esenciais que xustifican a subscripción dun acordo destas características: existencia dunha situación incerta e litixiosa a respecto da obriga municipal de garantir a cifra actualizada da carga asumida neta no momento da transferencia do Hospital Nicolás Peña; situación á que as partes desexan poñer fin mediante un acordo de natureza contractual certo e incontestable, con concesións recíprocas das partes e sobre unha materia legalmente susceptible de transacción.
- b) Considérase tamén que existe un claro interese público na conclusión deste acordo e que os pactos, cláusulas e condicións que contén son conformes ó interese público, ó ordenamento xurídico e ós principios de boa administración, polo que se informa favorablemente o documento, a reserva do que resultase dos informes dos servicios económicos e da Intervención xeral municipal.
- c) Consideraba finalmente a Asesoría xurídica municipal que, con todo, no apartado 6 da cláusula segunda do acordo transaccional conviña facer referencia expresa á extinción da obriga do Concello de Vigo de garantir o financiamento actualizado da cifra correspondente á carga asumida neta no momento da transferencia do hospital, por ser precisamente esta a cuestión na que se centraba a oposición municipal ás liquidacións practicadas pola Administración autonómica.

Nos termos indicados, propúxose á Consellería de Sanidade unha redacción alternativa para o citado apartado que foi aceptada e incorporada ó documento agora proposto para o seu asinamento.

III.4. Convén suliñar que, en virtude deste acordo, a Xunta de Galicia procederá á anulación das liquidacións reclamadas ó Concello por importe total de 15.950.188,52 € e á súa substitución por unha compensación de débedas recíprocas por importe de 1.449.362,44 €, por facturacións practicadas no seu día polo Hospital Nicolás Peña e pendentes de ingreso, correspondente á primeira daquelas reclamacións e polo pagamento por parte do Concello dunha cantidade neta de 9.185.695,13 €, cifrada inicialmente pola Xunta en 10.150.000 €, nos termos especificados no documento proposto.

III.4. En informe de data 17.02.2006, o interventor xeral municipal, Sr. González Carnero, informou favorablemente a proposta de acordo transaccional, manifestando entre outras cousas que:

- 1) O acordo obxecto de informe pon fin a unha situación de incertidume derivada dos procesos contencioso-administrativos pendentes sobre esta cuestión.
- 2) Non existen dificultades presupostarias nin financeiras para facer fronte ós compromisos que se derivan do acordo.
- 3) Nos termos indicados no seu informe, tampouco existe problema ningún para levar a cabo a compensación de débedas polo importe indicado.
- 4) O acordo proposto supón para o Concello unha mellora de 5.315.130,99 €, que se entende moi beneficiosa para os intereses municipais.

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede; en particular, os informes xurídicos e de fiscalización emitidos en relación co asunto e a normativa aplicable, de consideralo oportuno a Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.f) LRBRL), podería adoptar o seguinte, «ACORDO

- PRIMEIRO:** Prestar conformidade ó "ACORDO TRANSACCIONAL ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE DETERMINAR O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS QUE SE DEDUCEN DO ACORDO DE TRANSFERENCIA DO HOSPITAL MUNICIPAL NICOLÁS PEÑA CON EFECTOS DE 1 DE XANEIRO DE 1994", co texto final que consta no expediente nº 10252/310, informado favorablemente pola Asesoría xurídica e a Intervención xeral municipal.
- SEGUNDO:** Facultar expresamente á Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta para o asinamento deste acordo transaccional (Art. 124.4.a] LRBRL).
- TERCEIRO:** Notificar o presente acordo, en legal forma, á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitindo copia tamén os servicios municipais de Asesoría xurídica e Intervención xeral».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Consta no expediente informe xurídico favorable, do 20.12.06, e informe favorable do interventor xeral, do 17.02.06.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Prestar conformidade ó "ACORDO TRANSACCIONAL ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE DETERMINAR O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS QUE SE DEDUCEN DO ACORDO DE TRANSFERENCIA DO HOSPITAL MUNICIPAL NICOLÁS PEÑA CON EFECTOS DE 1 DE XANEIRO DE 1994", que de seguido se transcribe, informado favorablemente pola Asesoría xurídica e a Intervención xeral municipal.

2º.- Facultar expresamente á Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta para o asinamento deste acordo transaccional (Art. 124.4.a] LRBRL).

3º.- Notificar o presente acordo, en legal forma, á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitindo copia tamén os servicios municipais de Asesoría xurídica e Intervención xeral.

*ACORDO TRANSACCIONAL ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE DETERMINAR O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS QUE SE DEDUCEN DO ACORDO DE TRANSFERENCIA DO HOSPITAL MUNICIPAL NICOLAS PEÑA CON EFECTOS 1 DE XANEIRO DE 1994.*

*En Santiago de Compostela, a*

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. José Ramón Fernández Antonio, Conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, e a Excm. Sra. Dª. María José Rubio Vidal, Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, e a autorización da subscrición deste acordo conferida polo Decreto XXX/2005, de XX de maio.*

*E doutra, a Excm. Sra. Dª. Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo, coas atribucións que lle confire o artigo da Lei 7/85, de 2 de artigo 124.4.a) abril, reguladora das Bases de Réxime Local*

As partes que interveñen recoñécense capacidade legal para outorga-lo presente convenio, e para isto,

#### MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Lei 14/86 Xeral de Sanidade, regula na súa disposición transitoria primeira, o proceso de traspaso dos servizos e establecementos sanitarios das Corporacións Locais os Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas, así como ó conxunto de relacións que por dito motivo, se poden producir entre os referidos Entes Locais e os Autonómicos.

Segundo.- Que ós efectos de levar a cabo o previsto na citada Lei, o Decreto da Xunta de Galicia 133/89 de 6 de xullo, prevé a constitución dunha comisión mixta cas corporacións locais para levar a cabo o traspaso dos centros hospitalarios de titularidade das citadas corporacións. En concreto, no caso do Concello de Vigo, o Hospital municipal Nicolás Peña.

Terceiro.- Que con data 17 de decembro de 1993, a citada Comisión Mixta acordou a transferencia do centro hospitalario sinalado á Comunidade Autónoma de Galicia, para ser xestionado a partir do 1 de xaneiro de 1994 polo Sergas.

Cuarto.- Que dito acordo foi aprobado mediante Decreto da Xunta de Galicia 27/1994 de 4 de febreiro, así como polo Pleno do Concello de Vigo na sesión do na sesión do 31 de xaneiro de 1994.

Quinto.- Que o sinalado Decreto de Transferencia 27/1994, establecía no apartado E), do anexo de termos, o custo efectivo dos servizos transferidos, así como en relación a dito custo e á carga asumida neta derivada do mesmo, indicaba que “hasta la aprobación del régimen definitivo de financiación de las Comunidades Autónomas, y en base a lo dispuesto en la Disposición Transitoria 1ª-4 de la Ley General de Sanidad, el Concello de Vigo garantiza la financiación actualizada de la cifra correspondiente a la carga asumida neta en el momento de la transferencia, que será revisada anualmente...”.

Sexto.- O indicado no apartado E) , en relación co establecido na Lei 14/1986, General de Sanidad, deu lugar a interpretacións diverxentes por parte do Concello e da Xunta de Galicia. Consonte ós respectivos criterios, a Consellería de Sanidade (SERGAS) practicou liquidacións polo importe do financiamento considerado, que foron impugnadas polo Concello de Vigo mediante a interposición de sucesivos recursos de reposición, económico-administrativo e contencioso-administrativo.

Sétimo.- A posibilidade procesal de que se dilatase excesivamente a obtención dun pronunciamiento definitivo en vía xudicial, unido á condición sempre incerta propia de todo litixio e á necesidade de salvagardalo interese xeral que constitúe o obxectivo de ambas administracións públicas, levou o Concello de Vigo a formular, e á Xunta de Galicia a aceptar, a posibilidade dun acordo transaccional sobre as pretensións mantidas por cada unha delas.

Oitavo.- En aplicación do indicado no artigo 22.1 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, a autorización da subscripción do referido acordo transaccional levouse a cabo mediante **Decreto XXX/2005, de XX de maio**.

Conforme a esa autorización establécense as seguintes

#### CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente acordo transaccional é poñer fin as controversias e reclamacións derivadas da interpretación do apartado E) do anexo o Decreto 27/1994, de 4 de febreiro, da Xunta de Galicia, de transferencia do Hospital municipal Nicolás Peña.

*Segunda.- Cancelación de dereitos e obrigas e dos procesos contencioso-administrativos en curso.*

- 1) O presente acordo transaccional pon fin os procesos contencioso-administrativos seguidos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, derivados das liquidacións practicadas polo SERGAS polo traspaso do Hospital municipal Nicolás Peña, e relacionadas no Anexo I, sustanciados ante a Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª do Tribunal Superior de Galicia, e os recursos de casación ante o Tribunal Supremo, considerándose as partes satisfeitas nos seus respectivos dereitos e, en consecuencia, renuncian expresamente a toda reclamación promovida na actualidade ou que no futuro puidera promoverse, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional, relacionada cos dereitos e obrigas que se deduzan do apartado E) do Decreto 27/1994, de 4 de febreiro polo que se acordou a transferencia do Hospital municipal Nicolás Peña.*
- 2) Unha vez subscrito o convenio transaccional as partes asinantes, por cada un dos procedementos anteriormente indicados, comunicará os respectivos Tribunais o acordo e solicitarán a finalización do procedemento, de conformidade co previsto no artigo 77.3 da Lei da Xurisdicción Contencioso Administrativa.*
- 3) A Xunta de Galicia procederá á anulación das liquidacións relacionadas no documento anexo de liquidacións en litixio, por importe de 15.950.188,52 euros (quinze millóns novecientos cincuenta mil cento oitenta e oito euros e cincuenta e dous céntimos), practicadas ó Concello de Vigo en concepto de aportación para a cobertura da carga asumida neta actualizada*
- 4) Acórdase a compensación de débedas recíprocas contidas na liquidación 1ª por importe de 1.449.362,44 euros (un millón catrocentos corenta e nove mil trescentos sesenta e dous euros con corenta e catro céntimos).*

*A Xunta de Galicia percibirá do Concello de Vigo 9.185.695,13 euros (nove millóns cento oitenta e cinco mil seiscientos noventa e cinco euros con trece céntimos), cantidade sobre a que non poderá practicarse por parte deste último ningún tipo de retención ou compensación sen que medie acordo expreso entre ámbalas dúas administracións. Este importe farase efectivo dentro do mes seguinte a sinatura do mesmo.*

*O Concello poderá optar pola transferencia directa das cantidades resultantes ou por que lle sexan deducidas das transferencias a realizar pola Comunidade Autónoma, en calquera concepto, dirixidas o Concello, entendéndose elixida esta última opción cando non se teña feito uso da primeira dela no prazo previsto.*

- 6) Trala sinatura do presente acordo transaccional, as partes intervintes consideran reciprocamente canceladas tódalas accións de carácter económico esixibles e satisfeitas nos seus respectivos dereitos, así como extinguida a obriga do Concello de Vigo de garantir o financiamento actualizado da cifra correspondente a carga asumida neta no momento da transferencia do hospital Nicolás Peña e, en consecuencia, renuncian expresamente a toda reclamación promovida na actualidade ou que no futuro puidera promoverse, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional, relacionada cos dereitos e obrigas que se deduzan do apartado E) do Decreto 27/1994, de 4 de febreiro polo que se acordou a transferencia do Hospital municipal Nicolás Peña.*

*Terceira.- Vixencia*

*O presente Convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura ata a total cancelación das obrigas obxecto deste documento.*

Así queda redactado o presente convenio que en proba de conformidade asinan os comparecentes, por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

#### ANEXO 1

Nº DE LIQUIDACIÓN	DATA	PERIODO	IMPORTE pesetas	IMPORTE €uros
1ª Liquidación	20/05/1999	Xaneiro a outubro (1ª parte) de 1994	241.153.619	1.449.362,44
2ª Liquidación	20/05/1999	outubro (2ª parte) de 1994 a decembro 1998	1.351.269.071	8.121.290,68
3ª Liquidación	10/04/2000	xaneiro a decembro 1999	342.500.993	2.058.472,43
4ª Liquidación	10/04/2001	xaneiro a decembro 2000	352.433.522	2.118.168,13
5ª Liquidación	30/04/2002	xaneiro a decembro 2001	366.530.862	2.202.894,85

#### **17(178).- REVERSIÓN DE LOCAIS CEDIDOS Á A.VV. ESTACIÓN-CASABLANCA NA PRAZA DA ESTACIÓN S/N. EXPTE. 803/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá do 07.03.06, conformado pola delegada de Goberno da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

*A solicitude do servizo de Participación Cidadá de data 23 de setembro de 2005, de tramitación da reversión dos locais municipais cedidos a A.VV. Casablanca-Estación, emprazados na Praza da Estación s/n, o xefe de Patrimonio, emite informe no que indica que a tramitación da anulación da autorización de uso dos locais sexa efectuada por este servizo.*

*No momento de emitir o presente informe atopamos:*

1. A asociación “Centro Estación Casablanca “, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións desde o 9 de decembro de 1992, co número de rexistro 265/92.

2. Que no convenio asinado polos representantes do Concello e da Asociación de data 14 de marzo de 1993, no seus apartados:

- o 1.c.1 acordase ceder o local existente baixo as escaleiras de baixada de Vía Norte a A.VV. Estación-Casablanca.
- o 1.c.3 establece que nos baixos da Baixada a estación utilizaranse para servizos públicos.

3. Que conforme os informes que se achegan do Arquitecto Municipal, realizáronse diversas obras de acondicionamento dos locais referendados con cargo os orzamentos municipais.

4. O 4 de outubro de 1994 o Alcalde asinou a autorización para ceder temporalmente e en precario as instalacións municipais existentes na Praza da estación a A.VV. Estación-Casablanca “al objeto de poder impartir cursos formativos para el interés vecinal”.

5. Que conforme o informe da Intervención municipal de data 23 de setembro de 2005, non consta ningún rexistro contable relacionado coa asociación.

6. Que desde o ano 1999, non consta que por parte da asociación se teñan celebradas actividades de indole formativo ou sociocomunitario, obxecto da cesión

7. Que a pesar das reiteradas comunicacións enviadas o local social, este permace pechado cando menos desde o ano 2002.

8. Que ante a imposibilidade de contactar coa directiva da asociación e persoándose no local social este atopase sempre pechado, polo que no mes de setembro de 2005 e ante a necesidade de acceder o rocódromo dependente da concellería de deportes, o persoal da concellería de Participación Cidadá, atopa as mesmas nun total abandono con humidades, lixo e grave risco de electrocución.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta o incumprimento por parte da ASOCIACIÓN “Centro Estación Casablanca “, de impartir cursos formativos para el interés vecinal obxecto de autorización, así como a situación de abandono na que se atopan as instalacións propoño a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

Diante do abandono e falta de uso das instalacións, deixar sen efecto a autorización de uso á ASOCIACIÓN “Centro Estación Casablanca“ das instalacións municipais emprazadas na Praza da Estación s/n.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Ante o abandono e falla de uso das instalacións, deixar sen efecto a autorización de uso á ASOCIACIÓN “Centro Estación Casablanca“ das instalacións municipais emprazadas na Praza da Estación s/n.

### **18(179).-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO. EXPTE. 11226/444.**

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 14.11.05 aprobou o expediente de contratación da xestión do Servizo de mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo.

Con data 20.01.06 o titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 250 (30.12.05) e no BOP nº 250 (30.12.05) presentáronse as seguintes ofertas: 1) Indra Sistemas S.A., 2) UTE Sice-Passco-Sein, 3) UTE Eulen-Aceuve Mantenimiento, 4) Cerdeira Industrial S.L., 5) Acisa-Sielvigo S.L., 6) Tecnocontrol S.A., 7) Imes S.A. e 8) Esycsa.



A Mesa de Contratación realizada o 23.01.06 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as proposta e pasándoas a informe do servizo de Electromecánicos, que foi emitido polo enxeñeiro Industrial municipal o 24.02.06, proponendo como adxudicataria a Imes S.A.

A Mesa de Contratación realizada o 28.02.06, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a “Instalaciones y montajes eléctricos y saneamiento, S.A. (IMES)” a xestión do servizo de mantemento e conservación das instalacións de alumeadado público do Concello de Vigo por un importe anual de 1.352.846,82 euros, unhas melloras anuais valoradas en 87.500 euros/ano e unha baixa nos prezos unitarios para os gastos de reposición do 13%. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 14.11.2005.

#### **19(180).-PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS NO EDIFICIO CAMBÓN, POR CAMBIO DE USO DO EDIFICIO. EXPTE. 2189/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 03.03.06, conformado polo concelleiro de Área de Xestión Municipal , que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno local celebrada o día 10-10-2005 aprobou o proxecto de execución das obras de demolición parcial e reconstrucción da cuberta do edificio Cambón e os pregos de condicións para a súa contratación por concurso aberto, ordenando a convocatrio da licitación por concurso aberto.*

*Trala publicación dos anuncios de licitación se presentaron dúas ofertas para á execución das obras. Estas ofertas non foreon abertas xa que a Mesa de Contratación celebrada o día 05-12-2005 acordou retirar o expediente ata que se definira o Uso do edificio.*

*Posteriramente o día 09-12-2005 a Xunta de Goberno acordou iniair o expediente administrativo para a cesión en uso, a título gratuíto, do edificio Cambón ao Organismo Autónomo Parques Nacionais para o seu destino á sede do Patronato do parque Nacional Illas Atlánticas.*

*A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno de 10-10-2005 polo que se aprobou o proxecto de execución das obras de demolición parcial e reconstrucción da cuberta do edificio Cambón e os pregos de condicións para a súa contratación por concurso aberto e convocouse a licitación por concurso aberto.*

*2º.- Proceder ó arquivo do expediente notificnado previamente este acordo ás empresas que presentaron oferta á licitación.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(181).-PRÓRROGA, POR UN ANO, DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A COLABORACIÓN NA REGULARIZACIÓN DE LIQUIDACIÓNS DO IAE. EXPTE. 357/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 23.02.06, conformado polo concelleiro de Área de Xestión municipal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Por acordo da Comisión de Goberno de 10-02-2003 se adjudicou a asistencia técnica para a colaboración na regularización do IAE a empresa Asesoramiento Tributario Local, S.L.*

*Na cláusula 5 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase que o contrato tería vixencia de dous anos dende o día seguinte a sinatura do contrato, polo que o contato iniciouse o día 28-03-2003. Na mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*A Xunta de Goberno Local en sesión de 28-02-2005 aprobou a primeira prorroga do contrato para o periodo 28-03-2005 ó 27-03-2006.*

*A Directora de Ingresos en informe que consta no expediente propón a prorroga do contrato por unha anualidade máis, xustificandoo “por resultar moi interesante para a realización efectiva dos Ingresos Tributarios tanto, dende o punto de vista de redibilidade recadadora como dende o punto de vista de equidade fiscal”, engadindo ademáis que durante a execución de esta prorroga (comprobación de 240 empresas) se ingresaron na caixa do concello 1.477.004 euros.*

*O gasto que xenere a prorroga do contrato poderáse imputar na partida 611.02270604 que ten carácter ampliable dotándose con ingresos afectos da partida 13.001 do Presuposto de Ingresos.*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Autoriza-la prorroga para o periodo 28-03-2006 o 27-03-2007 do contrato de asistencia técnica para a colaboración na regularización do IAE adjudicado por acordo da Comisión de Goberno de 10-02-2003 a “Asesoramiento Tributario Local, S.L.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21(182).-REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NA CASA DAS PALABRAS-VERBUM. EXPTE. 17632/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 12.01.06, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, en data 13 de diciembre de 2005, por parte da empresa "Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.A.", SAMYL, S.A., como adxudicataria do servizo de limpeza do Verbum, Casa das Palabras, mediante resolución da Alcaldía de data 24 de abril de 2003, solicita a revisión de prezo de dito contrato.*

*A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, aprobado éste na Comisión de Goberno celebrada o 3 de marzo de 2003. Na cláusula de referencia manifesta que procedera a revisión de prezos do contrato transcurrido un ano dende o inicio do contrato, segundo se establece no artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuno, mediante a aplicación do IPC nacional do ano inmediato anterior a que esta se produza.*

*O contrato do servizo de limpeza na Casa das palabras é de data 7 de maio de 2003, polo esta data será considerada como a do inicio do mesmo, xa que no momento da adxudicación aínda non estaba en funcionamento o servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión, adoptou o acordo de revisaro prezo deste contrato, para o periodo maio de 2004 a maio de 2005, fixando o prezo do mesmo na cantidade de 80.927,60 euros/ano, para proceder a revisión solicitada pola empresa, dito prezo deberá ser actualizado co incremento do IPC de abril 2004/abril 2005 que segundo datos facilitados polo INE 3,5%, esto nos da un prezo revisado de 83.760,06 euros.*

Polo exposto, proponse a xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

*Aprobar a revisión de prezos do contrato de limpeza na Casa das Palabras, - Verbum-, adxudicado a empresa "Servicios Auxiliares de Meantenimiento y Limpieza, S.A.", por resolución da Alcaldía de data 24 de abril de 2003, fixando o prezo para o periodo maio de 2005 a maio de 2006 na cantidade de 83.760,06 euros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(183).-SOLICITUDE DE REVISIÓN EXTRAORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE CONTENEDORES E PAPELEIRAS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17657/240.DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 12.01.05, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº doc 5008742, solicita, como adxudicatario do contrato de servizo de "instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras dentro de termo municipal de Vigo, a revisión de prezos do mesmo, para a anualidade setembro de 2005/setembro 2006.*

A revisión solicitada consta de duas partes, por un lado a revisión ordinaria de prezos e por outro, a revisión extraordinaria de dito prezo contractual, motivada, esta última, polo incremento no número de unidades de contención producido posteriormente á adxudicación do contrato, ou dos fixados na última revisión de prezos aprobada do contrato, que neste caso foi en sesión da Xunta Local de Goberno de data 29 de agosto de 2005.

Ambas dúas revisións, están previstas no prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, así na cláusula VI deste, na que se recolle os supostos que darían lugar a mesma, manifesta textualmente:

A) revisión Ordinaria:

1a) A revisión do prezo do contrato terá carácter anual.

1b) A revisión Ordinaria do contrato efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC ( Índice de Prezos o Consumo no conxunto Nacional), en cada período anual contractual, a partir da data que proceda segundo precepto citado.

A vista do cal a revisión ordinaria, para a anualidade solicitada, anualidade setembro 2005/2006, sería o resultado de aplicar ó prezo actualmente vixente do contrato, o IPC da anualidade anterior, que segundo datos facilitados polo INE foi do 3,7%.

O prezo que actualmente está vixente, foi aprobado pola Xunta Local de Goberno de data 29 de agosto de 2005, fixándose na mesma prezo contractual, a partir do 1 de xaneiro de 2005 na cantidade de 2.175.542,99 euros/ano.

O prezo revisado, a vista do anterior, para o ano 2006, a partir do 1 de xaneiro dese ano, será de 2.256.038,08 euros/ano.

B) Revisión extraordinaria:

O contratista terá derito a revisións extraordinarias do prezo contractual no suposto de que o valor dos elementos instalados coa conformidade do Concello, segundo os prezos ofertados polo adxudicatario para cada un dos elementos que integran a oferta, supere nun 5%, como mínimo, 6% segundo oferta do adxudicatario, ó dos instalados inicialmente, ou dos que se tiveran en conta para a última revisión ordinaria”.

Unha vez feita a aclaración anterior, no informe emitido polo Xefe do servizo de limpeza, confirma o aumento no número de unidades de colectores ampliados e instalados perante o ano 2005, dos que a empresa solicita o seu pago, ascendendo tal ampliación a cantidade de 18.569,93 euros.

Tal como se menciona neste apartado, para que proceda o suposto da revisión extraordinaria, é necesario, que o valor das novas instalacións supere, como mínimo nun 6% das iniciais, ou das aprobadas na última revisión extraordinaria.

Segundo antecedentes que constan no expediente o nº de unidades aprobadas e valoradas na última revisión, tendo en conta a revisión extraordinaria do prezo contractual aprobada en febreiro do ano 2005, foi de 1.982.001 euros/ano, e o número de unidades ampliadas valoradas, durante o ano 2004 e 2005, foi de 33.354,15 euros correspondentes o 2004 e 18.569,93 euros durante o 2005, e do que se desprende que o incremento producido de 2,62%, non se alcanza o 6% ofertado polo licitador e que se xigia no prego de condicións que rexeu a contratación, como tope para que proceda a revisión extraordinaria.

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta Local de Goberno deste Concello, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Denegar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras do Concello de Vigo, adxudicado a empresa Contenur, polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o 29 de xullo de 2002, polo incremento en unidades valoradas de elementos de contenerización de 51.924,08 euros, o non acadarse o 6% esixido no prego de condicións que rexeu a contratación.

2º.- Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleiras do termo municipal de Vigo fixando o mesmo, a partir do 1 de xaneiro de 2006, na cantidade de 2.256.038,08 euros/ano.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(184).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE VIXIANCIA, MANTEMENTO E INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DE DEPENDENCIAS DA UNIDADE DE CULTURA. EXPTE. 9437/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.02.06, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Polo Servicio de Cultura do Concello de Vigo, remiten expediente de contratación do servizo de vixiancia, mantemento e instalacións de seguridade de dependencias da unidade de cultura, adxudicado a empresa "Securitas, Seguridad España, S.A.", por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 5 de decembro de 2002, PRORROGADO NA Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 7 de decembro de 2004 polo periodo que media entre o 20 de decembro de 2004 e o 19 de decembro de 2005, para que se proceda a revisión de prezos do contrato.*

*Vista a documentación que consta no expediente, en concreto, o prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, no que se recolle no apartado III a posibilidade de revisión de prezos do contrato, establecendo na mesma que ésta terá lugar transcorrido un ano dende a data de signatura do contrato, recollendo a variación experimentada polo IPC no periodo que medie entre a data de revisión e a data da apertura de proposicións económicas, e encanto a segunda revisión e posteriores abarcarían o periodo comprendido ente o periodo obxecto de revisión, neste caso dende o 19 de decembro de 2005, e a última revisión efectuada o prezo do contrato ( 19 de decembro de 2004), que segundo datos facilitados polo INE foi do 3,7%.*

*Visto o informe do departamento de Cultura, observase que o mesmo é correcto, e axusta o previsto no prego de cláusulas Administrativas que no seu día rexeron a contratación, polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a aprobación da proposta que fai o servizo, conforme a continuación se expón:*

#### PROPOSTA

*" Aprobar a revisión de prezos do contrato de vixiancia, mantemento e instalacións das dependencias das unidades de cultura ( Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, e Biblioteca Central), adxudicado a empresa "Securitas, Seguridad España, S.A.", por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 5 de decembro de 2002, fixando o mesmo para o ano 2006, nos importes seguintes:*

- 16,05 euros/ hora diurna.
- 17,31 euros/ hora festiva diurna.
- 17,59 euros/hora nocturna.

- 18,84 euros/ hora festiva diurna.
- 17.555,74 euros anuais para o mantemento de instalacións.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(185).- XUROS DE MORA POLA VENDA DA PARCELA MUNICIPAL Nº 000569, SITA NA RÚA CESAREO GONZÁLEZ, A URBANIZACIONES LEPANTO S.L. EXPTE. 17683/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3.03.06, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*O Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2003, acordou allear por vendadirecta á sociedade “Urbanizaciones Lepanto, S.L.”, na súa condición de propietario colindante, a parcela municipal nº 000569 de 47,50 m2, sita na rúa Cesareo Gonzalez desta cidade e cos seguintes lindeiros: Norte. Rúa cesareo Gonzalez; sur: Urbanización Lepanto, S.L., Leste: edificación nº 25 da rúa Cesareo Gonzalez; Oeste: rúa 1º Travesía da Pastora.*

*O prezo de alleamento fixouse en 105.894,60 euros, mailo ive por importe de 16.943,14 euros.*

*A data actual, aínda non se levou a cabo a formalización da venda en escritura pública, nin tampouco o ingreso do importe da mesma na Tesorería Municipal, a vista do anterior, e dado o tempo transcurrido, e polo que se realiza o cálculo do importe dos intereses de demora, sobre o importe do principal adeudado, para o cálculo de ditos intereses, a vista da data de venda da parcela comenzarían a computar dende o mes de outubro de 2003.*

- *Tipo interes demora ano 2004: 4,75%, importe sobre o principal 5.029,99 euros.*
- *Tipo interes demora ano 2005: 5,00%, importe sobre o principal 5.294,73 euros.*
- *Intereses xaneiro e febreiro 2006: 855,86*

*O importe dos intereses de demora dende o mes de xaneiro de 2004, ata febreiro de 2006, ascende a 11.180,58 euros.*

*Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*Xirar en concepto de intereses de demora a cantidade de 11.180,58 euros, a Urbanizaciones Lepanto, s.l., resultantes de aplicar o tipo de interes de demora sobre o importe principal da compra a este excmo. Concello, da parcela nº000569 do Inventario municipal, acordada polo Pleno deste Concello en sesión de 29 de setembro de 2003, por un importe de 105.894,60 euros e o ive de 16.943,14 euros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(186).-MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE 30.12.05 SOBRE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA RSU, POR ERRO NO CÁLCULO DO COEFICIENTE DE REVISIÓN DO PREZO CONTRACTUAL. EXPTE. 17665/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.06, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2005, acordou aprobar a revisión de prezos do contrato de Recollida de residuos sólidos Urbáns, Limpeza viaria e limpeza de praias, establecendo o mesmo dende o 31 de maio de 2004 a 1 de xuño de 2005, na cantidade de 16.236.479,91 euros/ano.*

*Para o importe do prezo revisado do contrato, éo resultado de aplicar o prezo de adxudicación menos as amortizacións, o coeficiente de revisión  $K_t = 23,36$ , dito coeficiente de revisión obtense mediante a seguinte fórmula.  $K_t = M_t/M_o + G_t/G_o + R_t/R_o$ .*

*O cálculo do compoñente da fórmula de revisión  $M_t/M_o$ , obtense polo incremento do coste salarial dun peón noite dende a data de finalización do prazo de presentación de proposicións ( $M_o$ ), e o ano de revisión ( $M_t$ ), cúa limitación de que dito incremento nunca poderá ser superior o incremento do IPC + 1,5 puntos nese período.*

*No informe proposta de data 30 de novembro de 2005, o calculo de dito incremento, considerouse dendeo decembro de 2001, data de finalización do prazo de presentación de proposicións, e maio de 2004, data a partir da cal xurde os efectos a revisión de prezos do contrato.*

*A instancia do representante da empresa concesionaria, procedese a un novo cálculo do coeficiente de revisión, así como do prezo revisado do contrato, toda vez que para o calculo do compoñente da fórmula de revisión  $M_t/M_o$ , débese ter en conta o incremento do IPC dende a data de finalización do prazo de presentación de ofertas e o mes de decembro, e non xuño, do ano de revisión, neste caso 2004, independentemente que o dereito a revisión comence a contar dende o mes de xuño dese ano.*

*A vista do anterior, obteñense os seguintes resultados:*

- Incremento IPC dec. 2001/ dec 2002 ..... 4% + 1,5*
- Incremento IPC dec 2002/ dec 2003..... 2,6% + 1,5*
- Incremento IPC dec 2003/dec 2004..... 3,2% + 1,5*

*$M_t/M_o = 1.2652$*

*Polo tanto  $K_t = 0,88 ( 1,2652) + 0,05 ( 1,0826) + 0,07 ( 1,1230)$*

*$K_{2004} = 1,2463$*

*O Prezo do contrato revisado efectuariase:*

*$(( 12.578.505,66 - 1.466.456,75 ) 1,2463 + 1.466.456,75 ) 1,07 = 16.387.481,54$  euros.*

*Polo exposto o acordo a Xunta de Goberno Local, formulase o seguinte acordo:*

Aprobar a revisión do prezo do contrato de Recollida de residuos Sólidos Urbáns, Limpeza Viaria e Limpeza de praias, adxudicado a empresa Fomento de Contruccion y Contratas, S.A., fixando o mesmo dende o 1 de xuño de 2004 ata o 1 de xuño de 2005, na cantidade de 16.387.481,54 euros.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(187).-ALTA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DAS PARCELAS 57 E 59 DA AVDA. DE BEIRAMAR. EXPTE. 17678/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.02.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- A Autoridade Portuaria de Vigo e o Concello asinaron en data 3 de xuño de 2005 un contrato administrativo especial para a cesión gratuita e alleamento das parcelas 57 e 59 da Avda. de Beiramar, segundo o clausulado aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de 3 de xuño do 2005.*

*En virtude de dito contrato o Concello adquiriu da Autoridade Portuaria as parcelas 57 e 59 da Avda. de Beiramar, , nos termos e baixo as condicións que se dispoñen no seu clausulado, e co destino de adicalo a construción do Auditorio-Pazo de Congresos e outros usos complementarios.*

*SEGUNDO.- Pola oficina do Inventario Municipal daesa Unidade de patrimonio elaborouse as correspondentes fichas para dar de Alta no epigrafe 1 dos Bens Inmóbles, as parcelas adquiridas, que de seguido se describen:*

#### Parcela nº 59 da Avda. de Beiramar:

C. PROPIEDAD	Nº 3.199.
DENOMINACIÓN	PARCELA nº 59
NATUREZA XURÍDICA	Servicio Público
SITUACIÓN	Avda. Beiramar nº 59
LINDEIROS:	N: Avda. Beiramar S: R/ Jacinto Benavente L: Parcela nº 57 O: Concesión "Pereira Productos del Mar" e Campsa.
SUPERFICIE	2.236 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN	Compravenda
DATA ADQUISICIÓN	3 xuño 2005

#### Parcela nº 57 da Avda. de Beiramar:

C. PROPIEDAD	Nº 3.200.
DENOMINACIÓN	AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS



NATUREZA XURÍDICA	Servicio Público
SITUACIÓN	Avda. Beiramar nº 57
LINDEIROS:	N: Avda. Beiramar S: R/ Jacinto Benavente L: Terreo dominio público entre esta e Escola Náutica Pesquera O: Parcela nº 59
SUPERFICIE	9.757,55 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN	Cesión gratuita
DATA ADQUISICIÓN	3 xuño 2005

*TERCEIRO.- De conformidade co disposto na Lei 7/85 de Bases de Reximen Local, trala sua modificación por L 57/20003 de 16 de decembro, correspondelle a Xunta de Goberno Local a competencia na xestión do Patrimonio (art.127.1.f), do que darase conta o Pleno da Corporación para seu coñecemento.*

*Polo exposto, propoñese a Xunta de Goberno Local, no uso das suas atribucións, a adopción do seguinte acordo...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co devandito informe, acorda:

1º.- Dar de Alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no Epigrafe 1 Bens Inmóbles, coas condicións reflectidas nas fichas de propiedade correspondente, as seguintes parcelas na Avda de Beiramar adquiridas a Autoridade Portuaria de Vigo:

#### Parcela nº 59 da Avda. de Beiramar:

C. PROPIEDAD	Nº 3.199.
DENOMINACIÓN	PARCELA nº 59
NATUREZA XURÍDICA	Servicio Público
SITUACIÓN	Avda. Beiramar nº 59
LINDEIROS:	N: Avda. Beiramar S: R/ Jacinto Benavente L: Parcela nº 57 O: Concesión “Pereira Productos del Mar” e Campsa.
SUPERFICIE	2.236 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN	Compravenda
DATA ADQUISICIÓN	3 xuño 2005

#### Parcela nº 57 da Avda. de Beiramar:

C. PROPIEDAD	Nº 3.200.
DENOMINACIÓN	AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS
NATUREZA XURÍDICA	Servicio Público
SITUACIÓN	Avda. Beiramar nº 57
LINDEIROS:	N: Avda. Beiramar S: R/ Jacinto Benavente L: Terreo dominio público entre esta e Escola Náutica Pesquera O: Parcela nº 59
SUPERFICIE	9.757,55 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN	Cesión gratuita
DATA ADQUISICIÓN	3 xuño 2005

2º.- Dar traslado do presente acordo ó vindeiro Pleno Municipal para o seu coñecemento.

**27(188).-RECUPERACIÓN DE OFICIO DE TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITO NO Bº PICOTO EN CIDADELLE-CHAPELA. EXPTE. 17428/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 23.02.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

*ANTECEDENTES DE FEITO:*

*PRIMEIRO.-* Pola empresa Aqualia, concesionaria do servizo municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo, comunicouse que nos terreos de titularidade municipal polo que discurre a traza do Canal de Oitaven, a su paos por Cidadelle-Chapela, se procedeu a construción dunha rampla de acceso a garaxe que invadía dita traza.

*SEGUNDO.-* Interesada do Concello de Redondela información sobre as obras denunciadas, informase por este o pasado día 10 de febreiro sinalando que según resulta do informe emitido polo arquitecto técnico do servizo de disciplina urbanística do Concello de Redondela, as obras consisten na construción dunha rampla, feita por D. Carlos Rosendo Lopez na súa calidade de propietario e promotor da finca sita no Bº Picoto nº 27 de Cidadelle-Chapela-Redondela, atopándose na actualidade en fase de execución.

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*PRIMEIRO.- Considerando que o Concello de Vigo é titular dos terreos demaniais polos que discorre a traza da traída de auga no tramo que atravesa o termo municipal de Redondela, afecto ó servizo público de abastecemento e saneamento de auga á cidade de Vigo, que en réxime concesional presta e xestiona a U.T.E. AQUALIA SA - FCC SA.*

*SEGUNDO.- Que a tenor do informe técnico emitido resulta que na devandita traza levae a cabo por D. Carlos Rosendo Lopez a construción dunha rampla de acceso a sua propiedade sita no nº 27 do Bº Picoyto na parroquia de Cidadelle-Chapela, que a invade e ocupa.*

*TERCEIRO.- Que non tendose constancia de que se houbera outorgado autorización administrativa para a ocupación privativa da propiedade municipal, como en todo caso resulta preceptivo e obrigado consonte á normativa vixente, que poidera lexitimar, no seu caso, as actuacións levadas a cabo na traza da traída de auga, débese considerar que os feitos anteriormente constatados poden ser constitutivos dunha ocupación ilícita do patrimonio municipal que motiva o exercicio das accións de recuperación posesoria e defensa que a normativa vixente lle recoñece ás Entidades Locais.*

*CUARTO.- Que consonte ó disposto nos artigos 28, 41 da LPAP, artigo 5 da LBRL, art. 270 da LALG, e o artigo 9 do RBEL, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.*

*QUINTO.- Que así mesmo, recoñeceselle ás Entidades Locais a facultade de recuperación de oficio da posesión dos seus bens, tanto os de natureza patrimonial coma os demaniais (art. 41 e 55 LPAP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).*

*O exercicio de acción recuperatoria dos bens demaniais non está suxeito a límite temporal poidendo ser exercitada en calquera momento, establecéndose pola contra o prazo de un ano cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial.*

*SEXTO.-Que tendo en conta que na actualidade as obras atopanse en fase de execución, e coa finalidade de evitar un maior prexuízo e dano ó patrimonio municipal, garantindo ó tempo a eficacia da resolución que no seu día se poda adoptar polo organo municipal competente, cumpre acordar as medidas provisionais pertinentes, e conseguintemente ordear a inmediata paralización das obras que se levan a cabo, de acordo co disposto no artigo 42 da LPAP relación co 72.1 da L 30/92 de 26 de novembro de Reximen Xurídico das*

*Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*SETIMO.- Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, e consonte o disposto no art. 127.1.f da LRBRL, a adopción da seguinte resolución:*

*“1º.- Incoar expediente de recuperación de oficio da posesión municipal do terreo polo que discorre a traza do Canal de Oitaven, a altura do nº 27 no Bº Picoto en Cidadelle-Chapela, termo municipal de*

*Redondela, pola sua ocupación por D. Carlos Rosendo Lopez mediante a realización dunha rampla de acceso a sua propiedade.*

*2º.- Concederlle a D. Carlos Rosendo Lopez un prazo de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo de incoacción co fin de que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen por convenientes.*

*3º.- Requerir a D. Carlos Rosendo Lopez para que proceda a inmediata paralización das expresadas obras, con apercibimento, noutro caso, da adopción de medidas de execución forzosa prevista no ordenamento xurídico, sen prexuízo das responsabilidades penais en que poda incurrir pola posible comisión dun delito de desobediencia a Autoridade, tipificado no art.556 do Código Penal.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **28(189).- SOLICITUDE D. CARLOS L. DOMÍNGUEZ NOGUEIRA DE DESAFECCIÓN DE TERREOS EN TOMÁS A. ALONSO, 87 INT. EXPTE. 17663/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.02.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*D. Carlos Luis Dominguez Nogueira achega escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello o día 7 de febreiro de 2006, solicitando a desafección de Tomás A. Alonso 87 interior.*

*O Expediente foi informado pola Oficina Técnica de Patrimonio en data 13 de febreiro de 2006.*

##### *Fundamentos de Dereito:*

*Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local son bens de dominio público os destinados à uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/ 1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais como bens de uso público local, entre outros, os camiño de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local.*

*Segundo.- O camiño obxecto de reclamación non figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993.*

*Terceiro.- O camiño resulta afectado polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, segundo resulta do informe técnico citado, e, dacordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994, tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.*

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local, dacordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

“ Desestimar a solicitude de D. Carlos Luis Dominguez Nogueira , de desafección de Tomás A. Alonso 87 interior, afectada na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, consonte o acordo do Pleno Municipal de data 30 de novembro de 1994”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29(190).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> DOLORES BERNÁRDEZ FONTÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 283/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 17.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo Interventor xeral, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Dolores Bernárdez Fontán presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02 de agosto de 2004, no que expón que o día 01 de agosto de 2004, mentres camiñaba pola rúa Llorente, á altura do número 22, tivo unha caída por mor de atopárense unhas baldosas levantadas, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 01/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que foron testemuñas de que a Sra. Bernárdez transitaba pola rúa Llorente, á altura do número 24, e tivo unha caída ó meter o pé nunha focha producida pola ausencia de baldosas, producíndose unha ferida no xeonllo dereito e queixándose de dor nas costas, polo que é trasladada ó hospital.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 27/10/2004, no que manifestan que as beirarrúas atópanse en perfecto estado de conservación.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 721,72 euros.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/10/2005, no que manifestan non teren constancia da derradeira vez que se reparara a vía onde se accidentou a Sra. Bernárdez.*
- *Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, con data 21/10/2005, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de*

forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no Parte do servizo da Policía Local, o deficiente estado da beirarrúa, pois había unha fochanca na beirarrúa a consecuencia da falla de lousetas, na que a Sra. Bernárdez introduxo o pé, caendo ó chan. Dado que a fochanca foi a causa eficiente dos danos sufridos pola Sra. Gómez, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público municipal e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Dolores Bernárdez Fontán, e indemnizála coa cantidade de 721,72 euros, en concepto de danos e perdas consecuencia da súa caída”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(191).-RECLAMACIÓN DE D. ROBERTO CARBALLIDO PAN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16368/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 27.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Roberto Carballido Pan presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 03 de xuño de 2003, no que expón que o día 21 de decembro de 2002, mentres camiñaba pola rúa Simón Bolívar, caeu por nun trozo de beirarrúa sen pavimento que se atopaba sen sinalización, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 30/09/2003, que manifestan que dos danos ocasionados deberá responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- Informe da empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, con data 23/10/2003.*
- Práctica de proba testifical, con data 19/05/2004, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Carballido.*
- Informe do servizo de Electromecánicos, con data 08/09/2004, que manifestan que os niveis de iluminación da rúa onde ocorreu o accidente considéranse superiores ós normais para o tipo do vial analizado.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.899,60 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, con data 20/09/2004, que non formula alegacións.*
- Evacúase trámite de audiencia á compañía reclamante, que formula alegacións con data 11/02/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido polo contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns e instalacións culturais e deportivas (artigos 25.2.d; 25.2.m e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente prorrogado por un ano, contrato que polo tanto estaba en vigor na data do accidente.

No presente suposto constatase no expediente que a caída ten lugar pola existencia dun alcorque sen árbore na beirarrúa, que se diferencia perfectamente do resto da beirarrúa porque é de terra, e polo tanto de diferente cor, e ten unhas dimensións de 60 x 60 cm., o que o fai perfectamente visíbel e evitábel empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón. No entanto, a testemuña presencial dos feitos, amigo do reclamante e que circulaba con el no intre do accidente manifesta que o alcorque “non se podía ver porque non había case luz”, polo que se solicitou informe ó servizo de electro-mecánicos que informa que os niveis de iluminación da rúa onde ocorreu o accidente considéranse superiores ós normais para o tipo do vial analizado. Á vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da propia deambulacón, interferiu no nexo causal, impedindo vincular o dano padecido ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Roberto Carballido Pan, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **31(192).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ CRESPO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16372/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 27.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

Dna M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Crespo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 04 de xuño de 2003, no que expón que, mentres



*camiñaba pola rúa Camelias, ó cruzar o semáforo do cruce coa rúa Dr. Marañón, caeu por mor do mal estado do pavimento, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/12/2003, sobre o estado do paso de peóns.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 17/06/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 21/07/2004, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos.*

Como medios de proba, a Sra. Rodríguez limitábase a achegar dúas facturas, unha dun fisioterapeuta por unhas sesións de masaxe na que non consta que estes se debesen a supostas lesións e outra dunha clínica dental por unha endodoncia e un empaste, danos que en ningún caso estarían relacionados cunha suposta caída na vía pública.

Dado que non existen testemuñas presenciais do accidente e a Sra. Rodríguez non presenta outras probas do mesmo, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de Dna. María Concepción Rodríguez Crespo por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(193).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ROSALINA LEYENDA PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 101/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 27.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Rosalina Leyenda Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de marzo de 2004, no que expón que o día 24 de febreiro de 2004, mentres camiñaba por Balaídos, á altura da cafetería Tribuna, sufriu unha caída por mor dunhas lousas levantadas existentes na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 24/02/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Leyenda e unha testemuña – D. José Luís Fato Fortes – relátanlles que a Sra. Leyenda caera por mor do mal estado pavimento ó que faltaba unha lousa; así mesmo, comprobán que a Sra. Leyenda sangraba pola fronte e tiña un importante hematoma no nariz.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 31/05/2004, no que manifestan que a zona presentaba pequenas deficiencias, sendo visíbel e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- *Práctica de proba testifical, con data 06/08/2004, que confirma os extremos alegados pola Sra. Leyenda e indica que a zona era visíbel a unha distancia de cinco metros.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 900,04 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 12/07/2005, que formula non alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, mais tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte a testemuña presencial da caída era ostensíbel, así ó ser preguntada polo instructor se había algún defecto na beirarrúa e a que distancia podía apreciarse manifesta “faltaba una baldosa y se podía ver a cinco metros”, do que se deduce que era perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón, tal e como establece o informe do Servizo de Vías e Obras. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento do servizo público municipal.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Rosalina Leyenda Pérez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**33(194).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. DORITA LÓPEZ GÓMEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 282/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 23.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo Interventor xeral, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Dorita López Gómez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de xullo de 2004, no que expón que o día 28 de xullo de 2004, mentres limpaba os seus anteollos e camiñaba pola avenida García Barbón, altura do número 131, tivo unha caída por mor dunha focha existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 07/09/2004, indicando o mal estado da zona onde ocorreu o accidente.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 21/09/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Práctica de proba testifical, con data 26/01/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegdos pola Sra. López.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 655,88 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 16/03/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, a xuízo do servizo de Vías e Obras entraña un risco especial para os viandantes. No entanto, estes teñen a obriga de circular polas rúas de forma dilixente, controlando a súa propia deambulación. No caso que nos ocupa a Sra. López manifesta non ter apreciado a focha formada por un grupo de lousetas rotas e afundidas, que segundo a testemuña nº 2 “podían verse a certa distancia” tal e como se aprecia nas fotografías do mesmo que constan no expediente, porque sacárase os anteollos para limpialos, pois tiñan os cristais sucios e iba pendente desta operación, polo que podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, apreciándose unha concurrencia de culpas entre a reclamante e a Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Dorita López Gómez, e indemnizála coa cantidade de 327,94 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **34(195).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CAMILA ESTÉVEZ PAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16460/24. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo Interventor xeral, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Camila Estévez Paz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de agosto de 2003, no que expón que o día 11 de xullo de 2003, mentres camiñaba pola Gran Vía, á altura da confluencia coa Baixada ó Castaño, sufriu unha caída por mor do mal estado do pavimento, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 02/12/2003.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.911,04 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 10/11/2004, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os feitos alegados pola Sra. Estévez e manifestan que a visibilidade do defecto na vía era reducida no día accidente por mor das condicións climatolóxicas.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 19/11/2004.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun*

*inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Aínda que o defecto é ben visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, a xulgar polas fotografías achegadas ó expediente e non debería representar un perigo especial para os viandantes empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón. No presente caso o día de autos as condicións climatolóxicas eran adversas e a visibilidade atopábase reducida por mor da choiva, dato que se desprende das declaracións das testemuñas, que manifestan que nesas condicións era difícil apreciar o obstáculo, polo que os danos sufridos pola Sra. Estévez poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Camila Estévez Paz, indemnizándoa na cuantía de 2.911,04 euros, en concepto de danos e perdas sufridos por mor da súa caída na vía pública”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **35(196).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ROSA MARÍA LAGO ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16419/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Rosa María Lago Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xullo de 2003, no que expón que o día 19 de marzo de 2003, ó circular co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-7621-BG, pola rúa Severino Cobas, á altura do número 67, ó pasar por encima dunha focha na beiravía, produciu danos ó vehículo de súa propiedade.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 14/01/2004, no que manifestan que na data do accidente non había ningún desperfecto na vía e que o lugar carecía de placa municipal de vado.*
- Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, con data 04/03/2004, no que manifestan que no lugar do accidente non hai ningunha licenza de entrada.*
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 06/07/2004.*

#### *Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto o accidente prodúcese ó golpear o vehículo cunha focha situada na beiravía da calzada ó acceder a unha propiedade privada. No entanto, consonte ós informes dos servizos de Vías e Obras e Mobilidade e seguridade non consta licenza de entrada para acceder á propiedade referida, polo que non estaría permitido atravesar a beiravía para acceder ó interior desta propiedade. Consonte o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, impón a obriga os condutores de automóveis, salvo que sexan coches de minusválidos, de circular pola calzada e non pola beiravía, salvo por razóns de emerxencia, detallándose no artigo 15 os supostos en que é posíbel circular pola beiravía, ningún dos cales concorre no presente suposto. Á vista deste dato, a informante conclúe que a negligencia do condutor do vehículo interferiu no nexo causal, impedindo imputar o dano padecido a esta Administración, non existindo, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Rosa María Lago Alonso por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**36(197).-RECLAMACIÓN DE D. JOAQUÍN PIÑEIRO RIVERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 496/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*D. Joaquín Piñeiro Riveiro, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de febreiro de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2005, na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por el formulada, en data 10 de febreiro de 2005, con motivo dunha caída na rúa Urzáiz.*

*Examinadas as alegacións presentadas polo reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 05/12/2005, que se achega ó presente informe.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Joaquín Piñeiro Riveiro, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**37(198).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. DOLORES RODRÍGUEZ SOLLA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16752/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Dolores Rodríguez Solla presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de novembro de 2003, no que expón que o día 27 de setembro de 2003, mentres camiñaba polo paseo do Río Lagares, sufriu unha caída, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 05/12/2003.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 29/04/2004.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 17/06/2004, no que manifestan que dos posíbeis danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*

- *Informe da Policía Local, de 18/02/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.960,82 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 03/05/2005, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns e instalacións culturais e deportivas (artigos 25.2.d; 25.2.m e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente prorrogado por un ano, contrato que polo tanto estaba en vigor na data do accidente.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade*

material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos.

A Sra. Rodríguez límitase a achegar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Dolores Rodríguez Solla por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **38(199).-RECLAMACIÓN DE D. MANUEL ROBLES GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16743/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Manuel Robles González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de novembro de 2003, no que expón que sufriu unha caída por mor do mal estado de conservación da beirarrúa dunha vía pública (baldosas movidas), producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo da Vías e Obras, con data 05/02/2004, no que manifestan que na data do informe non había deficiencias no lugar indicado polo Sr. Robles.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 03/03/2004.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de*

*forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*O Sr. Robles non pode concretar o día que caeu, límitase a achegar un informe médico que proba que sufriu determinados danos, pero non serve para determinar nin o lugar da caída nin a causa da mesma, nin dada a imprecisión de datos sobre a caída, que esta lesión fose coetánea á mesma. O Servizo de Vías e Obras informa que no lugar no que o Sr. Robles manifesta ter caído non existe ningún obstáculo que puidese propiciar o accidente. Á vista de falta de datos sobre o presunto accidente do Sr. Robles a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Robles González por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**39(200).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA FARMÉS GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16734/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Dna. María Farnés González Vázquez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de xaneiro de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2005, na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo seu marido, en data 17 de novembro de 2003, con motivo dunha caída na rúa Urzáiz.*

*Examinadas as alegacións presentadas pola reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 31/10/2005, que se achega ó presente informe.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. María Farnés González Vázquez, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**40(201).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ENMA DURÁN VILLAR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16452/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Dna. Emma Durán Vilar, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de febreiro de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2005, na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por ela formulada, en data 5 de agosto de 2003, con motivo dunha caída no Areal.*

*Examinadas as alegacións presentadas polo reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 14/12/2005, que se achega ó presente informe.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Emma Durán Vilar, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**41(202).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. AMELIA PARCERO ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16423/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Cristina Carreira Parcero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. Amelia Parcero Alonso, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de xullo de 2003, no que expón que o día 21 de xullo de 2003 a Sra. Parcero tropezou nunha focha por mor da falta de lousas, na rúa Príncipe , á altura do número 21, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2003.*
- Parte do servizo da Policía Local, de data 21/07/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron o estado defectuoso do pavimento da rúa.*
- Práctica de proba testifical, con data 09/06/2004, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Carreira e manifesta que a lousa levantada víase a unha distancia de tres a cinco metros.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.009,97 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 09/06/2004, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, mais tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte a testemuña presencial da caída era ostensíbel, así ó ser preguntada polo instrutor se había algún defecto na beirarrúa e a que distancia podía apreciarse manifesta “Una loseta levantada y se ve a tres metros, cuatro, cinco”, do que se deduce que era perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, e que ademáis vive a escasos metros do lugar onde ocorreu o accidente, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Cristina Carreira Parcero en nome e representación de Dna. Amelia Parcero Alonso por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**42(203).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ANGELA IGLESIAS PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16065/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Ángela Iglesias Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de maio de 2003, no que expón que o día 06 de maio de 2003, mentres camiñaba pola rúa Tui, á altura do número 6, tivo unha caída por mor dun defecto do asfalto, rompéndose un pé.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informes do servizo de Vías e Obras, con datas 15/09/2003 e 23/04/2004, nos que indican a existencia dun pequeno avultamento no asfalto, no lugar referido pola reclamante, e que a focha formouse ó dar a volta un camión e xirar a dirección removendo o aglomerado.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 5.334,52 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 16/09/2004, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Iglesias.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 15/12/2005, indicando a localización da focha en cuestión.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 20/01/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*



d) *Que non sexa producto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*No presente suposto, o accidente da Sra. Iglesias debeuse á existencia dunha focha na calzada. Dado que na rúa Tui non existía beirarrúa, consonte os artigos 49 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e 121 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, os peóns están autorizados a circular pola beiravía ou no seu defecto pola calzada. Mais, no caso de circular pola beiravía ou pola calzada o artigo 122.5 do regulamento citado impón a obriga de circular con prudencia sen entorpecer innecesariamente a circulación, e aproximándose canto sea posible ó bordo exterior de aqueles. Consonte ó informe do Servizo de Vías e Obras, de data 15 de decembro de 2005, “a focha atópase a unha distancia de 2,60 metros do bordo exterior da calzada, tendo o vial no lugar de referencia un ancho de 9,40 metros”; se temos en conta que o vial conta con dous sentidos de circulación e polo tanto correspónderalles a cada un deles 4,70 metros, podemos concluír que a Sra. Iglesias ía circulando polo medio da calzada, quizáis debido a que ía acompañada (as testemuñas presenciais do accidente manifestan que ían con ela), e os peóns non circulaban en fila, tal e como impón o mencionado artigo 122.5 do regulamento, agás no caso de que os peóns formen un cortexo, suposto que non acontece neste caso. Se temos en conta que os peóns, en xeral, teñen a obriga de controlar a súa deambulación e ó circular pola calzada esta obriga é máis intensa por imposición do regulamento de circulación que establece que se deberá de circular con prudencia, polo que de cumprir con esta obriga é posíbel que tivese apreciado o obstáculo, que a xulgar polas fotografías que constan no expediente, non se trataba dun defecto oculto, senón que era visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito. Se engadimos que a Sra. Iglesias ó circular polo medio da calzada ía infrinxindo o regulamento de circulación, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Ángela Iglesias Pérez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

*Acordo:*

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**43(204).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. DOLORES COELLO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15767/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Dna. Dolores Coello Pérez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de outubro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2005, na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por ela formulada, en data 10 de febreiro de 2003, con motivo dunha caída na rúa Rosalía de Castro.*

*Examinadas as alegacións presentadas pola reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 26/07/2005, que se achega ó presente informe.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Dolores Coello Pérez, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**44(205).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> PLILAR CHIARRONI FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14115/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Chiarroni Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da súa filla, Dna. Beatriz Domínguez Chiarroni, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de abril de 2001, no que expón que a Sra. Domínguez tivo unha caída na Gran Vía, á altura do número 170, por mor dunha baldosa da beirarrúa que se atopaba rota, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 19/04/2001, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Domínguez relátalles a caída que tivera, sendo posteriormente trasladada ó hospital en ambulancia; igualmente, comprobán a baldosa rota, procedendo á súa sinalización.*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 05/11/2001, manifestando que as brigadas municipais estiveron realizando traballos de reparación das beirarrúas no lugar do accidente o día 05/06 do mesmo ano.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.163,01 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 13/01/2006, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos mesmos. No entanto, segundo consta no Parte do servizo á chegada dos axentes ó lugar dos feitos a Sra. Domínguez estaba sendo atendida por un facultativo dunha ambulancia do 061 e non presenciaron a caída, polo que se ben poden dar fe da existencia dunha louseta rota no lugar e dos danos da reclamante non teñen coñecemento da causa da caída. Dado que como medios de proba a Sra. Domínguez limitase a achegar informes médicos das súas lesións, cos datos obrantes no expediente non é posíbel vincular os danos padecidos pola reclamante co funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal.*

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Desestimar a reclamación formulada por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar Chiarroni Fernández en nome e representación de D<sup>a</sup>. Beatriz Domínguez Chiarroni por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**45(206).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. HERMOSINDA MÉNDEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14769/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*A Unión Temporal de Empresas Aqualia / FCC, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de decembro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2005, na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Hermosinda Méndez González, en data 3 de xaneiro de 2002, con motivo dunha caída no Camiño do Souto, imputando a responsabilidade dos danos á U.T.E Aqualia / FCC, que debe indemnizar a Sra. Méndez na cantidade de 5.733,79 euros.*

*Examinadas as alegacións presentadas polo recorrente, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 21/11/2005, que se achega ó presente informe.*

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E Aqualia / FCC, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**46(207).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA CERVIÑO VAQUERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 366/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 01.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*A Unión Temporal de Empresas Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xaneiro de 2006, interpón recurso de reposición contra a*

resolución da Xunta de Goberno Local de data 28 de novembro de 2005, na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Cerviño Vaquero, en data 6 de outubro de 2004, con motivo dunha caída na rúa Urzáiz, imputando a responsabilidade dos danos á U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, que debe indemnizar a Sra. Cerviño na cantidade de 5.016,09 euros.

Examinadas as alegacións presentadas polo recorrente, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 28/11/2005, que se achega ó presente informe.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**47(208).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. PAULA ALVAREZ CAMPOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 11/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 01.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona Paula Álvarez Campos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de decembro de 2003, no que expón que o día 25 de novembro de 2003, camiñando pola avenida Martínez Garrido, á altura do número 3, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa (lousetas rotas), producíndose danos de carácter físico (traumatismo de tornecelo).*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de febreiro de 2004, manifestando que o lugar onde a Sra. Álvarez manifesta ter caído fora reparado recentemente, así como que había varios alcorques que presentaban un aspecto similar ó que se reflicte na foto achegada pola reclamante, por mor das raíces das árbores que acaban por romper as baldosas.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 23/02/2004, no que manifestan que, de acordo á foto achegada pola reclamante, o alcorque da árbore atopábase perfectamente enrasado de terra, polo que non consideran que o motivo da caída estivese relacionado coa situación da árbore na beirarrúa.*
- *Práctica de proba testifical, en data 01/06/2004, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Álvarez.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.411,06 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 17/09/2004.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*No presente suposto, a causa eficiente da caída da Sra. Álvarez foi a falla dunha louseta das que bordean un alcorque. No entanto, o lugar no que fallaba a louseta estaba recheo de terra e segundo o informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns estaba perfectamente enrasado, ó mesmo nivel que a beirarrúa, non constituíndo un perigo para a circulación de viandantes. Non era un defecto oculto, senón que segundo a testemuña presencial dos feitos era perfectamente visíbel a distancia, se ademáis temos en conta que a Sra. Álvarez é unha persoa nova e que o accidente ocorreu diante da súa perruquería, polo que é presumíbel que coñecese a existencia do alcorque e a falla da louseta, podemos concluír, que a caída debeuse máis ben a una perda momentánea de equilibrio ou un tropezo fortuito que ó estado da beirarrúa polo que non se aprecia relación de causalidade entre o dano sufrido pola Sra. Álvarez e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Paula Álvarez Campos por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexos de causalidade entre os mesmos e o funcionamento de ningún servizo público desta Administración”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**48(209).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA SABELA RUBIAN RUÍDO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 10/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 01.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona María Sabela Rubira Ruido presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de decembro de 2003, no que expón que o día 04 de decembro de 2003, camiñando pola rúa México, esquina coa rúa Paraguay, sufriu un accidente por mor do estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico (escordadura de tornecelo).*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 06/07/2004, manifestando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 28/10/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Evacuáase trámite de audiencia á reclamante en data 26/11/2004, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos.*

*A Sra. Rubira como medios de prueba presenta unicamente unha factura dunha tobillera e un volante de consulta, documentos que non fan proba siquera dos danos que di ter sufrido por mor da caída. Dado que non existen testemuñas presenciais do accidente nin outros medios de proba que acrediten que a Sra. Rubira sufriu unha caída na vía pública da que se derivaron determinados danos persoais, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación formulada por Dna. María Sabela Rubira Ruido por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probada a existencia dos mesmos”.*

*Acordo:*

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**49(210).-RECLAMACIÓN DE D. MARIO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 45/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 02.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Mario González Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2004, no que expón que o día 13 de xaneiro de 2004 un valo cun painel direccional caeu sobre o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-6662-BJ, no camiño Areiro, á altura do número 18 e provocoulle danos materiais.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 12/01/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, observan o valo caído sobre o vehículo do Sr. González e comprobán a*



existencia de danos no capot e no frontal do vehículo; tamén informan que o valo se atopaba alí desde que o servizo de Vías e Obras realizara obras nas inmediacións do hospital Meixoeiro e que caíra por mor do vento.

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/06/2004, manifestando que este servizo non puxera ningún sinal no lugar do accidente, sendo a colocación da mesma debida a persoas alleas para ordenar o tráfico.
- Informe do servizo de Seguridade e Circulación Viaria, con data 13/12/2004, no que manifestan que non constaba actuación ou permiso de instalación de sinalización no camiño do Areeiro, descoñecendo quen efectuaba obras no lugar.
- Informe do Parque Móbil, de 10/01/2005, comunicando que os prezos contidos na presuposto de Talleres Auto Sil 98, S.L., por un importe de 311,56 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 31/01/2005, no que manifestan descoñecer quen puido realizar as obras na zona de referencia e se o concello tiña relación coas devanditas obras.
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 08/03/2005.

#### *Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatar-se que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar que o vehículo do Sr. González presentaba determinados danos, e da existencia dun valo sobre o vehículo a súa chegada, no entanto, non poden dar fe de que a causa do accidente fose que o valo caeu enriba do vehículo por mor do vento e non que o vehículo impactase co mesmo por calquera outra causa, posto que descoñecen a ubicación do valo con anterioridade a súa chegada ó lugar do accidente, e non existe ningunha testemuña presencial do mesmo que poda acreditar este extremo. Hemos de concluír que, se ben non existe dúbida de que o reclamante sufriu danos no seu vehículo, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de D. Mario González Rodríguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **50(211).- RECLAMACIÓN DE D. RÓMULO UBEIRA COMESAÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 44/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 02.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

D. Rómulo Ubeira Comesaña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2004, no que expón que o día 21 de xaneiro de 2004, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 9428-CCZ, pola Baixada á Praia en Saiáns, provocou danos materiais no vehículo por mor dun sumidoiro que non estaba sinalizado.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 22/07/2004.
- Informe do servizo da Policía Local, con data 12/08/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/09/2004, manifestando que a vía onde se accidentou o vehículo foi aglomerada con posterioridade ó accidente.
- Informe do Parque Móbil, de 27/09/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº P002400 de Rofervigo, S.L., presentado polo reclamante, por un importe de 211,89 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 02/03/2005, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local por se tivese constancia do accidente, pois o Sr. Ubeira non presenta testemuñas presenciais do accidente.*

*Dado que a Policía Local non ten constancia do suposto accidente nin existe ningunha proba que acredite o mesmo no expediente, podemos concluír afirmando que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación, e non se acredita a pretendida relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.*

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Rómulo Ubeira Comesaña por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o accidente orixe dos mesmos”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **51(212).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MAYTE VILLAR BARREIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 21/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 01.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Mayte Villar Barreiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de decembro de 2003, no que expón que o día 16 de xullo de 2003, ó circular coa súa motocicleta, matrícula PO-7333-BM, pola rúa Pintor Colmeiro, á altura do número 5, esvarou e caeu por mor da presenza na calzada dunha mancha de gasoil, producíndose danos de carácter material, tanto ó seu vehículo como ó seu vestuario.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 16/03/2003, no que os axentes actuantes manifestan que foron testemuñas de cómo a moto da Sra. Villar esvarou; así mesmo, comprobaron a existencia da mancha de gasoil na calzada e de danos no ciclomotor.*
- *Informe do servizo de Limpeza, con data 18/06/2004, no que manifestan que a limpeza da calzada da rúa Pintor Colmeiro realízase diariamente durante a quenda da noite e que acudiron ó lugar dos feitos, tras o requerimento da Policía Local.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, 24/11/2004, manifestando que os prezos contidos no presuposto nº 900150 de data 23/09/2003, achegado pola reclamante, por un valor de 580,72 euros IVE incluído son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 10/12/2004.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter as vías públicas de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Tendo en conta o dato de que, segundo o servizo de limpeza a limpeza da calzada realizase diariamente na quenda de noite, polo que a rúa limpiouse a noite anterior e o accidente ocorreu as dez da mañá, e que nas horas inmediatamente anteriores ó accidente, non se denunciou por ningún usuario a existencia da mancha, nin se detectou polos servizos de vixilancia do Concello, presúmese consecuentemente que o vertido produciuse pouco tempo antes do accidente que motiva a reclamación.

É Xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo (STS de 8 de outubro de 1986, STS de 11 de febreiro de 1987) exonerar de responsabilidade á Administración por unha eventual culpa in vigilando, cando o obstáculo existente sobre a calzada é imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe da mancha de gasoil e nin sequera o momento en que se formou, deducíndose así que polo funcionamento regular do servizo de limpeza deste Concello, que non é factíbel que a devandita mancha se orixinase con anticipación dun número importante de horas ó accidente, abondas para que se poidese detectar de despexar a calzada.

Do dito e mais do feito de que o vertido de gasoil na calzada procede dun terceiro non identificado, despréndese a ruptura do nexo causal que exclúe a responsabilidade desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Mayte Villar Barreiro por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexo de causalidade entre os mesmos e o funcionamento de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**52(213).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> MERCEDES PRADO BLANCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 18/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 17.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo Interventor xeral, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona María Mercedes Prado Blanco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de decembro de 2003, no que expón que o día 04 de decembro de 2003, camiñando pola avenida Camelias, á altura dos números 63 e 65, tropezou nuns valos existentes na vía, producíndose tanto lesións físicas como materiais.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 04/12/2003, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos a requirimento da Sra. Prado, esta relátalle a caída que sufrira; así mesmo, manifesta que os valos levaban no lugar máis dun ano e que estaban inclinados.*
- Informes do servizo de Vías e Obras, con datas 10/03 e 28/10/2004, no que manifestan que os valos foron colocados polo Concello por motivos de seguridade por mor dos desprendementos do terreo edificable do Colexio Labor e que por parte da oficina de Infraccións da Xerencia de Urbanismo estíbese a tramitar unha orde de execución contra o propietario do terreo.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 26/11/2004, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas*

do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos. No Parte do servizo da Policía Local o axente actuante manifesta ter acudido ó lugar dos feitos a requerimento da reclamante e que a súa chegada esta relátalle que caeu ó chan tras tropezar cun valo situado na beirarrúa, rompendo as súas lentes, ó non ter presenciado directamente a caída non pode dar fe da causa da mesma.

No entanto, aínda que tivesemos por probado que a causa da caída foi un tropezón cun valo como manifesta a Sra. Prado, trátase precisamente dun tropezón, dunha pérdida momentánea de equilibrio, non tendo ningunha responsabilidade no mesmo a Administración municipal, pois o valo está situado na beirarrúa para protexer un terreo de posíbeis desprendimentos e é un elemento tanto pola súa cor (amarelo) como polo seu tamaño perfectamente visíbel.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. María Mercedes Prado Blanco por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público municipal ”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **53(214).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. AMPARO FERREIRA DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 01.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Amparo Ferreira Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de novembro de 2003, no que expón que o día 30 de setembro de 2003, camiñando pola rúa Monforte de Lemos, tropezou nunha plaqueta desnivelada da beirarrúa, producíndose unha serie de lesións físicas.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de febreiro de 2004, manifestando que a beirarrúa onde a Sra. Ferreira manifesta ter caído continuaba, á data do informe, en mal estado.*

- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 8.201,43 euros.*
- *Proba testifical, en data 07/06/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 15/06/2005, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor citou a presunta testemuña presencial dos feitos aportada pola reclamante.*

*No entanto, a testemuña estaba traballando nunha frutería no momento de ter acontecida a caída, polo que non presenciou a mesma, cando viu a Sra. Ferreira xa estaba no chan, así que non pode precisar que a causa da caída fose o mal estado da beirarrúa e non unha perda momentánea de equilibrio por calquera outra causa, polo que a informante conclúe que a Sra. Ferreira non probou a causa eficiente da súa caída, polo que non é posíbel vincular esta ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal. Ademáis, segundo a mesma testemuña, apreciábase ben que a beirarrúa estaba en mal estado, non se trataban de defectos ocultos, senón que eran perfectamente apreciábeis empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra de autocontrol da propia deambulacón.*



Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Desestimar a reclamación de Dna. Amparo Ferreira Domínguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **54(215).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. VANESA ALVAREZ CARRERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16699/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 01.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Vanesa Álvarez Carrera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de D. Angel Álvarez Abollo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de novembro de 2003, no que expón que o día 21 de outubro de 2003 mentres conducía o vehículo con matrícula 9849-CCL pola Gran Vía, á altura do instituto e en dirección á praza de España, sufriu danos no vehículo, ó introducir a roda nunha focha.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 21/10/2003, no que os axentes actuantes manifestan que persoados no lugar dos feitos, a Sra. Álvarez relátalles os feitos ocorridos; así mesmo que, debido á densidade do tráfico, axudaron á substitución da roda danada, deron aviso á concesionaria Aqualia por se o motivo da focha era de súa responsabilidade e procederon a sinalar o desperfecto da vía.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 27/09/2004, manifestando que os prezos contidos no factura nº 98 de Talleres Diesel S.L. presentada pola reclamante por un valor de 322,98 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 29/09/2004, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que o reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos. No parte do servizo os axentes da Policía Local manifestan que patrullaban polo lugar dos feitos e foron requeridos pola conductora do vehículo, e dan fe da existencia da focha e dos danos no vehículo do Sr. Álvarez, no entanto, non poden acreditar que os danos ó vehículo produxéranse ó golpear a roda danada na focha, pois non foron testemuñas presenciais do accidente. A informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo do Sr. Álvarez presentaba danos, non existe ningún dato no expediente que permita relacionar estos danos co funcionamento normal ou anormal, de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Vanesa Álvarez Carrera, en nome e representación de D. Ángel Álvarez Abollo, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**55(216).-RECLAMACIÓN DE D. JAVIER DÍAZ DOMING DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 46/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 02.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Don Javier Díaz Domingo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2004, no que expón que o día 30 de outubro de 2003 o seu vehículo, con matrícula M-1058-LL, estando estacionado na avenida Castelao, á altura dos números 24 - 26, sufriu diversos danos por culpa da caída dunha póla sobre o mesmo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía local, con data 30/10/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaban como unha árbore, por mor do temporal, caíra sobre o vehículo estacionado do Sr. Díaz; igualmente comprobaban a existencia de danos materiais no devandito vehículo.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 08/07/2004, no que manifestan que dos posíbeis danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- Informe da empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, con data 06/08/2004.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Cespa, con data 19/05/2005, que non efectúa alegacións.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 20/10/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de reparación de Talleres A. Pena, presentado polo reclamante, por un valor de 2.642,64 euros son correctos; así mesmo, estiman o valor venal do vehículo accidentado en 1.200 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 02/12/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

No expediente, do oficio instruído pola Policía Local con ocasión do accidente, dedúcese que a causa eficiente dos danos do vehículo do Sr. Domingo, foi a caída dunha árbore sobre o mesmo.

No entanto, no momento do sinistro o vehículo estaba asegurado con póliza de seguro a todo risco e dado que o importe da reparación excedía do valor venal do vehículo, a compañía aseguradora procedeu a aboar o Sr. Díaz unha indemnización correspondente a este valor venal. Tendo en conta que o Sr. Díaz xa foi indemnizado a consecuencia deste accidente non procede aboarlle ningunha cantidade por este concepto. O dereito á indemnización corresponderíalle a compañía aseguradora que podería solicitar o reintegro da cantidade aboada ó seu asegurado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Javier Díaz Domingo porque xa foi resarcido dos danos e perdas sufridos por mor do accidente obxecto do presente expediente pola compañía aseguradora do seu vehículo”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **56(217).-RECLAMACIÓN DE D. BENJAMÍN MARTÍNEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15841/240. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo Interventor xeral, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

D. Benjamín Martínez González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de febreiro de 2003, no que expón que o día 13 de setembro de 2002, ó circular coa súa motocicleta, matrícula C-7981-BGN, pola rúa Areal na confluencia coa

rúa Isaac Peral, produciuse danos de carácter físico a súa persoa e materiais ó seu ciclomotor por mor dunha focha existente na calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/04/2003, no que manifestan que o accidente produciuse posibelmente debido a unha reparación dependente de Seragua (agora Aqualia) e tamén a unha mala reposición do asfalto.
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, de data 06/05/2004.
- Proba testifical ás testemuñas propostas polo reclamante, en data 14/05/2004, que confirman a existencia da focha na vía e corroboran os feitos relatados polo Sr. Martínez.
- Informe do Parque Móbil, de 24/11/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº P0000479 de Talleres Moto Manía, presentado polo reclamante, por un importe de 532,72 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.316,50 euros.
- Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 14/02/2005.

#### Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, o accidente debeuse a existencia dunha fochanca na calzada, así consta no Parte do servizo da Policía Local. Dado que a fochanca foi a causa eficiente dos danos do vehículo, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público, e esta Administración deberá responder dos mesmos.

O Dr. Guillén, da Asesoría médica do Excmo. Concello de Vigo, para cuantificar os danos personais sufridos polo Sr. Martínez ten en conta o período de recuperación que se estima como normal para este tipo de lesións (21 días impeditivos e 23 non impeditivos). No entanto, da documentación médica achegada polo reclamante dedúcese que este investiu na súa curación 13 días, período que se reclamaba no escrito inicial. En trámite de audiencia, á vista do informe médico do Dr. Guillén, manifesta ter invertido na curación os días reflectidos no devandito informe “y no 13 como por error se hizo constar” (sic), máis requerido polo instructor para que aportase a documentación que xustificase este extremo manifesta que “carece de la documentación que se le ha requerido”, polo que a falta de outra proba, a informante conclúe que so procede aboar a indemnización solicitada inicialmente polos 13 días que estivo impedido para as súas ocupacións habituais, 558,22 euros.

Respecto ós danos materiais reclamados, procede ó aboamento do importe de reparación da motocicleta, máis non os correspondentes a casco, cazadora e luvas, pois non constan acreditados no expediente, xa que a testemuña presencial non identifica ós mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Benjamín Martínez González, e indemnizálo nas seguintes contías: 558,22 euros en concepto de indemnización polos danos persoais sufridos con ocasión do accidente e 532,72 euros correspondentes ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade, o que fai unha indemnización total de 1. 090,94 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **57(218).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. JESUSA DURÁN ALVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16428/240. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 27.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo Interventor xeral, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Jesusa Durán Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de xullo de 2003, no que expón que o día 08 de xullo de 2003, mentres camiñaba polo paseo de O Vao, tivo unha caída por mor dos espárragos de suxeición dunhas farolas retiradas, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Electromecánicos, con data 22/01/2004, no que manifestan que os pernos das bases de formigón permaneceron ó descuberto e sen protección durante a restauración da iluminación da zona, o que puido provocar o accidente denunciado.*

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 09/07/2003, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar dos feitos pola Sra. Durán ó día seguinte da súa caída, onde esta señora relátalles o accidente que tivera a noite anterior; así mesmo, comprobán a existencia das anclaxes da farola, que se atopan sen ningún tipo de sinalización, podendo provocar máis accidentes.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 760,49 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 26/05/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Durán.*
- *Informe do servizo de Electromecánicos, con data 24/06/2005, no que manifestan que os pernos poderían verse a unha distancia de cincuenta metros, segundo a capacidade visual do viandante.*
- *Evacuábase trámite de audiencia á reclamante, con data 05/07/2005, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*No presente suposto, conséntase, á vista das probas practicadas, o deficiente estado da beirarrúa, pois na beirarrúa había uns pernos dunha farola que se retirara e que segundo o informe do servizo de electromecánicos sobresaían uns 70 mm por riba do enrasado da beirarrúa, dato corroborado por unha das testemuñas presenciais do accidente que manifesta como feito causante da caída da Sra. Durán “cuatro espárgos de tornillo de una farola que tenían unos ocho centímetros o más y estaban salidos”, do que se deduce que o obstáculo era perfectamente visíbel a distancia non constituíndo, polo tanto, unha traba ou*

defecto oculto. Se engadimos as circunstancias conxuntas: que a vítima é unha persoa de mediana idade e, á vista dos datos que constan no expediente, carente de defectos físicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do mencionado obstáculo, podemos concluir que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular exclusivamente ó funcionamento do servizo público o dano padecido, polo que a informante estima que existe unha concorrencia de culpas entre a vítima e a Administración.

A Sra. Durán, ademais dos danos persoais consecuencia da caída, reclama o importe de dúas prendas de roupa, supostamente rotas no accidente e os honorarios satisfeitos a unha empregada de fogar que se viu obrigada a contratar para axudala nas tarefas domésticas mentres estivo impedida para o normal desenvolvemento das mesmas. No entanto, as testemuñas presencias manifestan non ter constancia da rotura de ningunha prenda de vestir ou obxecto persoal da reclamante por mor da caída, polo que non se probou a realidade destes danos e non procede o seu aboamento. Respecto ós emolumentos da empregada do fogar, dadas as lesións padecidas pola Sra. Durán, o Dr. Guillén da Asesoría médica do Concello non atopa xustificábel a necesidade de axuda de terceira persoa, polo que tampouco procede o seu aboamento.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Jesusa Durán Álvarez e indemnizala polos danos sufridos na coantía de 290,05 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **58(219).- SOLICITUDE DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR DA FUNCIONARIA ADSCRITA AO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> SOL VÁZQUEZ DE LA CRUZ. EXPTE. 16252/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 22.02.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*En escrito de data 08/02/2006 (doc. nº 60013924) a funcionaria D<sup>a</sup> María Sol Vázquez de la Cruz, con DNI 35.536.591-G e adscrita ó servizo de Participación e Atención Cidadá, solicita a excedencia voluntaria por interese particular, con efectos de 28 de abril de 2006 e por un período de 3 anos.*

*Solicitado informe á Área de Participación Cidadá, en data 13/02/2006 o xefe do servizo, coa conformidade da delegada do Goberno Local na citada Área, informou favorablemente a solicitude anterior, sempre e cando se proceda á cobertura do posto vacante a fin de garanti-lo correcto funcionamento do servizo.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*De conformidade co disposto no artigo 29.3.C) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública, poderá concederse ós funcionarios a excedencia voluntaria por interese particular, establecéndose como requisito o ter prestados servizos efectivos en calquera Administración Pública durante os 5 anos inmediatamente anteriores, non podendo permanecerse en tal situación menos de dous anos continuados.*

*En igual senso, o artigo 16 do RD 365/1996, de 10 de marzo, do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, que resulta de aplicación supletoria ós funcionarios da*



administración local, sinala que a situación de excedencia voluntaria por interese particular declararase a petición do funcionario ou, de oficio, nos supostos establecidos regulamentariamente. Para tal solicitude será preciso ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os 5 anos inmediatamente anteriores á solicitude.

En canto á duración máxima de tal situación de excedencia voluntaria, o mesmo precepto sinala que cada período de excedencia terá unha duración non inferior a dous anos continuados, nin superior a un número de anos equivalente ós que o funcionario acredite ter prestado servizos en calquera das administracións públicas.

Por Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 15/04/2005 outorgouse á funcionaria solicitante un permiso non retribuído de 12 meses, permiso que finaliza o vindeiro 27 de abril de 2006. Tal circunstancia non constitúe obstáculo da autorización da excedencia voluntaria solicitada, toda vez que, segundo establece o vixente Acordo Regulador no seu apartado 17, durante os permisos non retribuídos o empregado permanecerá en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, computando a duración do mesmo a efectos de antigüidade.

Visto o artigo 55.2 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e considerando as competencias resolutorias atribuídas á Xunta de Goberno Local no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo dispón o apartado segundo, IV. A) 13 do Decreto da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2005, a proposta de acordo indicado, coa finalidade de sometelo ó criterio decisorio da Xunta de Goberno Local, sería a seguinte:

“PRIMEIRO.- Declarar á funcionaria D<sup>a</sup> María Sol Vázquez de la Cruz, número persoal 8208, en situación de excedencia voluntaria por interese particular na súa praza de xefa de negociado de Información por un período de 2 anos, con efectos económicos e administrativos a partires do próximo día 28 de abril de 2006 e de conformidade cos antecedentes e fundamentos do presente acordo.

SEGUNDO.- En virtude do establecido no artigo 16 do Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, e artigo 45 da Lei 4/1988, do 26 de maio, modificada pola Lei 3/1995, a falta de petición do reingreso ao servizo activo dentro do prazo máximo de duración da situación de excedencia voluntaria por interese particular comportará a perda da condición de funcionario.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación, nos supostos, termos e condicións previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **59(220).- SOLICITUDE PRODUCTIVIDADE DE D. RAMIRO QUICLER ZARANDÓN POR DESEMPEÑO DE PUESTO DE CATEGORÍA SUPERIOR. EXPTE. 15899/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos da Unidade de Persoal do 2.03.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

## *Antecedentes*

*Con data de entrada no Rexistro Xeral de 12 de xullo de 2005 D. Ramiro Quicler Zarandon -funcionario deste Concello, con posto e praza de Administrativo de admon Xeral- solicita o aboamento dun complemento de produtividade debido a realización das tarefas do posto de Xefe negociado de ingresos, antes as baixas medicas do seu titular*

*Con data 14 de setembro de 2005 o xefe de contabilidade, co conforme do Interventor Xeral, remite informe a esta Unidade de persoal solicitando a realización pola Unidade de Persoal da proposta ao organo competente de recoñecemento a D Ramiro Quicler Zarandon da indemnización correspondiente ao desempeño das funcións de contabilidade da xefatura de contabilidade de ingresos.*

*No devandito informe sinalase que a situación de baixa de funcionaria que ocupa o negociado levou á Xefatura de contabilidade a encomendar verbalmente ditas funcións ao funcionario D Ramiro Quicler Zarandon, quen as ven realizando de xeito acumulado ás correspondentes o seu posto.*

## *Fundamentos de dereito :*

*De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.*

*En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*O aboamento da produtividade proposta non trae orixe das vixentes Instrucións de plantilla, polo que dentro do ámbito competencial da Xunta de Goberno local será este órgano quen de aprobación, no seu caso, debéndose significar en todo caso que a motivación exposta no informe da Intervención Xeral de data 14 de setembro de 2005 puidera ter encaixe dentro do concepto legalmente configurado para este complemento retributivo así como no apartado 3) das Instrucións de plantilla aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005, circunstancia que lle compete ponderar en todo caso ao órgano resolutor.*

*De conformidade coas mencionadas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás*

que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non puidendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

As retribucións aprobadas para os postos de xefa de negociado de ingresos administrativo de administración xeral son:

Posto xefa negociado ingresos:

Complemento Destino ( mensual): 494.29 €

Complemento específico ( mensual): 626.40 €

Posto administrativo admon xeral:

Complemento Destino ( mensual): 382.74 €

Complemento específico ( mensual): 423.89 €

En consecuencia a diferenza bruta mensual existente entre as retribucións complementarias dos dous postos sería a seguinte:

Diferencia complemento destino: 111.55 €

Diferencia complemento específico: 202.51€

Total diferenza mensual: 314.06 €

Importe día: 10.47

Según os datos obrantes na Unidade de persoal, a funcionaria d<sup>a</sup> Pilar Alonso Sanchez contabilízase un total de 210 días de baixa, dende o mes de febreiro de 2005 ata o 12 de xaneiro de 2006.

O importe a percibir no caso de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento deste complemento retributivo e previo informe de fiscalización e consignación de créditos sería de 2198,42 €

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Réxime Interior sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte proposta de acordo:

*“ Recoñecer ao administrativo de admon xeral D. Ramiro Quicler Zarandon, un complemento de produtividade por importe de 2198,42 € euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto base de Administrativo de admon xeral e as establecidas para o posto de xefe de negociado de ingresos, en relación ao período comprendido entre 8 de febreiro de 2005 e o 12 de xaneiro de 2006, acordando proceder ao aboamento do mesmo.”*

*Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **60(221).- SOLICITUDE DE PRODUCTIVIDADE DE D. MIGUEL MIRANDA PAN E D. LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA POR DESEMPEÑO DE POSTOS DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO. EXPTE. 16263/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos da Unidade de Persoal do 14.02.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Por Resolución da Alcaldía de data 2 de novembro de 2005, nomease Presidente do Tribunal Económico administrativo en substitución de D Alfonso Ramos Covelo e ata a conclusión da Comisión de servizos conferida a este funcionario para o desempeño do cargo de Xerente no Consorcio Casco Vello de Vigo a D Miguel Miranda Pan, funcionario deste Concello e Secretario de dito Tribunal.*

*Na mesma resolución nomease a D Luis Cadarso de la Peña , funcionario municipal a Escala de Administración Xeral , Secretario accidental de dito tribunal, funcións que deberá compatibilizar coas que actualmente desempeña no seu posto de Xefe de Servizo de Patrimonio.*

*No apartado terceiro resolveuse que os devanditos funcionarios percibirán, durante o tempo que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade a diferenza retributiva que poda existir entre os complementos de Destino e Específico dos postos dos que son titulares e os postos para os que se lle nomea provisional e accidentalmente*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e ó Alcalde Presidente da Corporación a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.*

*Consonte ás retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para os postos de Presidente do organo de reclamacións económico-administrativas, secretraio do organo de reclamacións administrativas e xefe servizo patrimonio no ano 2005, os importe do Complemento de destino e específicos son os que siguen:*

*Retribucións posto 01.0284: Presidente organo reclam. Económico Advtas*

- ◆ *Cd anual: 11.298,42 (CD mensual: 807,03)*
- ◆ *CE anual: 28560,00 CE mensual: 2040,00*

*Retribucións posto 01.0282: Secretario Organo reclam. Económico Advtas*

- ◆ *CD anual: 11298,42 (CD mensual: 807,03)*
- ◆ *CE: anual: 27846,00 (CE mensual: 2.040,00)*

*Retribucións posto 01.0017 : Xefe servizo Patrimonio*

- ◆ *CD anual: 11298,42 (CD mensual: 807,03)*
- ◆ *CE anual: 16441,88 (CE mensual: 1174,42)*

*A diferenza retributiva entre o posto 01.0284 e o 01.0282 é:*

- ◆ *Diferencia CD: 0*
- ◆ *Diferencia CE anual: 714,00 (Mensual: 51,00€)*

*A diferenza retributiva entre o posto 01.0282 e o 01.0017 é:*

- ◆ *Diferencia CD: 0*
- ◆ *Diferencia CE anual: 11404,12 (Mensual: 814,58 €)*

*Polo anteriormente exposto, a diferenza mensual entre o posto de Secretario do Organo de reclamacións económico administrativo e o de Presidente do citado organo é de 51,00 € mensuales.*

*Así mesmo a diferenza entre o posto de Xefe de Patrimonio e o de Secretraio do organo de reclamacións económico administrativa é de 814,58 €*

*De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, computarase como días traballados os días de permisos e licencias se a produtividade conta cunha periodicidade e non se autorice día a día, como é o caso, polo que non procede efectuar descontos .*

*Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da intervención xeral, a seguinte proposta:*

*“ Recoñecer e aboar ós funcionarios Sr. D.Miguel Miranda Pan , Secretario do organo de reclamacións económica administrativas, a cantidade de 102.00 euros, e a D Luis Cadarso de la Peña, Xefe do servizo de patrimonio, a cantidade de 1629,16 € en concepto de produtividade correspondentes os meses de novembro e decembro de 2005”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **61(222).-EXECUCIÓN DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO, DE 24.05.05, REFERENTE A ABONO DE PRODUCTIVIDADE POR DIFERENCIA DE FUNCIÓN REALIZADA POLOS FUNCIONARIOS CABOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 16306/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 9.03.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 8.02.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Proceder á efectiva execución da Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004, estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos, nos termos e condicións da propia sentenza, e consecuentemente dispoñer o aboamento das cantidades que procedan, correspondentes ás substitucións acreditadas polos recorrentes que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.”

2º.- Prestar conformidade ao cálculo efectuado pola técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal en informe de data 7 de marzo de 2006, que obra no expediente, declarando a procedencia do aboamento a cada un dos funcionarios seguidamente indicados as cantidades resultantes que a continuación se sinalan:

- D. Fernando Solveira de la Fuente, con NIF 32.632.291-Y: 2.517,12 €.
- D. Carlos Rodríguez Lago, con NIF,36.045.814-F: 8.440,80 €.
- D. Rafael Moledo Alonso, con NIF 36.105623-Q: 7.304,40 €

- D. Justo Alonso Villar, con NIF 36.014.690-W: 3.012,96 €.”

3º.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo ós oportunos efectos en relación coa sentenza que se executa, notificando asemade o mesmo ós funcionarios interesados, á Unidade de Persoal, Intervención Xeral e Comité de Persoal ós efectos que procedan.

4º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **62(223).-MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ÓRGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO”. EXPTE. 1580/407.**

Dáse conta do informe do xefe dos Servizos Centrais da Xerencia municipal de Urbanismo, do 1.02.06, conformado polo xerente e o secretario da mesma, que di o seguinte:

*A proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de outubro de 2005, aprobou a oferta pública de emprego público deste Organismo Autónomo para o ano 2005 (publicada no BOE o 15 de decembro de 2005). Esta oferta comprendía 13 prazas vacantes entre as que non se incluía a do secretario, por entenderse que a súa provisión tería carácter interno.*

*Toda vez, que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 1 de decembro de 2005 aprobou as bases para a cobertura do posto de secretario polo sistema de libre designación previendo que a este posto poidesen concorrer os funcionarios de carreira das distintas Administracións Públicas, que cumprisen determinados requisitos, procede incluír esta praza na oferta de emprego público.*

*Por tanto, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Modificar oferta de emprego público do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo” para o ano 2005, engadiendo a praza vacante de Secretario, coas seguintes características:*

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Acceso
1	Secretario	A	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre designación

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Modificar oferta de emprego público do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo” para o ano 2005, engadiendo a praza vacante de Secretario, coas seguintes características:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Acceso
1	Secretario	A	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre designación

**63(224).-RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DO 30.12.05 SOBRE A VALORACIÓN DE POSTOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario-delegado do Organismo Autónomo municipal “Parque das Ciencias Vigo-Zoo”, do 24.02.06, conformado polo presidente de dito organismo, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de decembro do 2.005, a proposta do Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, adoptou o seguinte acordo:*

*“1º.- Modificar o complemento de destino dos postos de traballo de conductor-mecánico, oficial-cuidador de mantemento, vixilancia e control, e auxiliar-administrativo que pasan de nivel 15 a nivel 16.*

*2º.- Modificar o complemento específico dos referidos postos que pasan a contar coas seguintes contías:*

- *Oficiais-cuidadores de mantemento, vixilancia e control.- 1.378,31 euros/ano.*
- *Conductor-mecánico.- 1.378,31 euros/ano.*
- *Auxiliar-administrativo.- 1.103,62 euros/ano.*
- *Capataz.- 1.514,20 euros/ano.*

*3º.- A presente modificación terá efectos retroactivos dende o día 1 de febreiro do 2005, para o cal autorízase un gasto de 31.540,17,- euros.*

*4º.- Para posibilitar o cumprimento no futuro das obrigas económicas que se derivan do presente acordo deberá incluírse no Orzamento do ano 2006 crédito orzamentario en contía suficiente, o no seu caso de prorrogarse os correspondentes ao ano actual, deberanse de levar a cabo no Capítulo I as actuacións presupostarias necesarias”.*

*No seu apartado 2º existe un erro consistente en que onde dí: “..Modificar o complemento específico dos referidos postos, que pasar a contar coas seguintes contías”; debería constar:”... Incrementar o complemento específico dos referidos postos, nas seguintes contías”:*

- *Oficiais-cuidadores de mantemento, vixilancia e control.- 1.378,31 euros/ano.*
- *Conductor-mecánico.- 1.378,31 euros/ano.*
- *Auxiliar-administrativo.- 1.103,62 euros/ano.*
- *Capataz.- 1.514,20 euros/ano.*

*Do contrario o acordo sería desfavorable por gravemente perxudicial para os traballadores do Organismo Autónomo afectados que pasarían a percibir en concepto de complemento específico un importe moi inferior ao*



que xa veñen percibindo e ao acordado para o persoal municipal da súa categoría, pese a estar incluídos no ámbito do mesmo convenio.

O artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, establece que as Administracións Públicas poderán revocar en calquera momento seus actos de gravamen ou desfavorables, sempre que tal revocación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas Leis ou sexa contrario o principio de igualdade, o interese público, e o ordenamento xurídico.

Polo anteriormente informado é evidente que ningunha destas circunstancias impeditivas concorren neste caso.

Por elo se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Revocar o apartado 2º do acordo da propia Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro do 2.005, sobre “Modificación de complementos dos postos de traballo dos grupos D e E do Organismo Autónomo Vigo-Zoo.

2º.- Adoptar un novo na súa substitución co seguinte contido:

“Incrementar o complemento específico dos referidos postos nas seguintes contías:

- *Oficiais-cuidadores de mantemento, vixilancia e control.-* 1.378,31 euros/ano.
- *Conductor-mecánico.-* 1.378,31 euros/ano.
- *Auxiliar-administrativo.-* 1.103,62 euros/ano.
- *Capataz.-* 1.514,20 euros/ano.”

O presente acordo notifíquese o Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo aos efectos oportunos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **64(225).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE TENDIDOS MONCOSA S.A. POLAS OBRAS DE CANALIZACIÓN NAS RÚAS CURRÁS E PONTE SAN XOAN. EXPTE. 47790/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Vías e Obras, do 24.02.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 9 de decembro de 2005, este Departamento , condiciona a autorización obxecto do presente, a constitución dun aval de 242,91 Euros, polos danos que puderan ocasionarse o patrimonio municipal. Unha vez ingresado o mesmo na Tesorería Municipal e rematados os traballos solicitados, o interesado soliciou a devolución da fianza depositada, con data 25/01/06.

O Enxeñeiro Técnico , en data 23/02/2006, reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución do aval solicitado.

Polo que PROPONSE:

Proceder á devolución da fianza de 242,91 Euros , a TENDIDOS MONCOSA S.A.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 242,91 euros , a TENDIDOS MONCOSA S.A.

### **65(226).-CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA COMPRENSIVA DA DIRECCIÓN DE OBRA E A CORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS INCLUÍDAS NO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 14.12.05. EXPTE.47789/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 2.03.06, conformado polo concelleiro delegado de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 14 de decembro de 2005 e baixo o punto 32 da orde do día, acordou encomendar á entidade concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas (AQUALIA FCC VIGO UTE) a execución de diversas actuacións, en materia de infraestrutura das redes de abastecemento e saneamento, segundo as cantidades que se explicitan nos apartados letras (A,B.C e D), que se incorporan como anexo ao referido acordo do mencionado órgano municipal.*

*O dispositivo terceiro do acordo, o que anteriormente se fixo referencia, contén a seguinte previsión "A entidade concesionaria do servizo propondrá a Xunta de Goberno Local o nomeamento do Director Técnico das Obras, así como a cifra de honorarios correspondentes, que deberán ser informados previamente pola xefatura de Vías e Obras".*

*Con data 18 de xaneiro de 2006 a entidade concesionaria do servizo, unha vez efectuada as consultas oportunas e tendo en conta a experiencia e coñecemento dos proxectos dos distintos facultativos, propón contratar como asistencia técnica para a Dirección de Obras e Coordinación de Seguridade e Saúde a entidade ESIMPRO, S.L. fixando os honorarios na cantidade de 98.071,03€ (IVE excluído).*

*Emitido informe polo enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras, este pronunciase de forma favorable, en coincidencia coa proposta formulada pola entidade concesionaria do servizo, establecéndose o alcance da asistencia técnica requirida, advertindo neste sentido que exclúese da mesma a tramitación de expedientes de expropiación, redacción de proxectos modificados e/ou complementarios se os houberse e o control de calidade, fixando así mesmo o prazo de prestación da asistencia que se axusta o de duración das obras (non sendo este superior a 18 meses).*

*Por outra banda no referido informe validase a proposición económica efectuada pola entidade consultora ESIMPRO, S.L. ó constatarse que os honorarios requiridos son notablemente inferiores (reflecten unha*

reducción do 24,47%) ós que se houberan obtido mediante aplicación do baremo de carácter orientativo do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

En consideración o que antecede esta xefatura, a vista do informe favorable do enxeñeiro xefe de Vías e Obras 37/1/2006 e en cumprimento do Dispositivo terceiro do acordo adoptado polo órgano municipal, anteriormente referido, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguinte acordo:

- 1º *Autorizar á entidade AQUALIA FCC VIGO UTE a contratación da asistencia técnica, comprensiva da Dirección de Obra ea Coordinación de Seguridade e Saúde, das actuacións inversoras incluídas no acordo da Xunta de Goberno Local (Sesión 14/12/2005) á entidade ESIMPRO, S.L. establecendo os honorarios da dita prestación na cantidade de 98.071,03€).*
- 2º *O prazo de prestación da asistencia técnica, obxecto da presente proposta, adecuarase o de duración das obras dos respectivos proxectos, cuia materialización no seu conxunto non superará o período de 18 meses, contados a partir da data de notificación do acordo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **66(227).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corente e un minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez